

# Galiza. O Camiño do Sol



**Adela Leiro Lois**

A Pepe López Rei

amigo  
confidente  
colega

pai de Lola  
compañeiro de Luchi

que nos deixou nun Nadal de 2017

# GALIZA, O CAMIÑO DO SOL


## cen olladas a Galiza

*“Ti dis: Galiza é ben pequena. Eu dígoche: Galiza é un mundo... Poderás percorrela en pouco tempo de norte a sur e de leste a oeste; poderás volver a percorrela unha e outra vez; non conseguirás andala de todo. E cada vez que a percorras, atoparás cousas novas...”*

VICENTE RISCO

A idea de facer este libro xurdiu despois de rematar a serie de traballos sobre temas e natureza de Galiza, como un intento de recoller o máis significativo, as impresións persoais sobre os moitos lugares visitados, xa coñecidos de antes, e descubertos; das vivencias, historias e anécdotas que ao longo das viaxes se foron sucedendo e, sobre todo, da emoción de ter percorrido practicamente todo o país varias veces e constatar que en cada recuncho se atopan cousas novas, detalles interesantes e momentos dignos de retratar e recordar; certificando unha vez máis a razón e a verdade incontestable da frase de Vicente Risco na que tan ben se recolle a imposibilidade de coñecer absolutamente este noso pequeno país, ou calquera outra realidade exposta aos cambios das horas, o tempo ou as estacións, e que tamén resume outro dos obxectivos do traballo, amosar a riqueza e a variedade do grande e a inapreciable calidade do próximo, do pequeno e do cotián.

Desde o día que tomei a decisión pasei horas e horas revolvendo arquivos, seleccionando, entrecollendo e desbotando imaxes, entre os varios milleiros que fixen ao longo de case corenta anos de percorridos, armando e desarmando esquemas de libro e de textos, establecendo e mudando criterios de selección, na busca de aquelas que fixeran posible facer un percorrido por Galiza e permitiran expresar a paixón polo país e polos tesouros que conserva. A riqueza e grandiosidade das súas paisaxes, a variedade case infinita de elementos naturais e etnográficos, o bo facer das nosas xentes, de antano e de agora...



© Courel, 2009

Na elección das imaxes e temas, unhas veces prima o criterio estético (a luz, a cor, a beleza do elemento retratado), outras o documental (recoller un instante único, que as máis das veces xurde por atoparte no lugar e no intre axeitado) e moitas veces o desexo de divulgar a nosa riqueza e diversidade física, natural e humana.

Quero expresar a idea de que calquera momento, lugar ou detalle pode ser merecente da nosa atención e nos pode facer gozar de experiencias e sensacións inesquecibles.

Todo este percorrido físico e emocional non sería posible sen o contacto humano, unha veces casual, co veciño ou veciña que paras no camiño para preguntarlle por onde se pode chegar a un lugar, ou que elementos de interese consideran que hai na súa zona; pero tamén coas distintas institucións, empresas e persoas particulares ás que acudín moitas veces na busca de información, axuda ou permisos para acceder a determinados lugares e instalacións.

En todo este percorrido foi fundamental, e diría que imprescindible, a colaboración de Mon, compañeiro de viaxe, chófer, explorador incansable e grande observador da natureza, ademáis de duro corrector; tamén todo o equipo de persoas coas que fun compartindo momentos e traballos: Manuel Núñez, Hernando Martínez, Víctor Caamaño, Isaac Pontanilla, Valeria Martínez, Xulio C. Iglesias, Xan Colazo, Duarte Correa, Marta Lois, Manolo Domínguez, Lucía Leiro, Montse Prado, Rafael Fernández, Tomás Hernández, Xosé Ramón Reigada, Gonzalo Palacios, José A. Acuña (Luma), Mauricio Martínez, Abel Vigo, M<sup>a</sup> Xosé Cacabelos, Elvira Martínez, Pepe López...

E, por último Xea, a miña vella compañeira de rutas, que sufríu pacientemente a calor de Ourense no verán, o frío das noites no coche, incluso debaixo da neve, e as longas e ás veces duras camiñadas polos cumes ou os canóns dos ríos.

A todos eles e á moitas persoas anónimas que colaboraron connosco quero dedicarlles este traballo.



Campo Lameiro (1977), con Mon e Xaime Pillado



Río Almofrei 2017

# O CAMIÑO DO SOL

Aínda que é difícil facer un itinerario que non sexa lineal e expresar todos os posibles percorridos tento dar cun fío condutor: o percorrido de leste a oeste, como a viaxe que fai o sol cada día, do mencer ao solpor ou como os percorridos que fan milleiros de persoas que entran en Galiza por distintas rutas do camiño Xacobeo. Seguindo esta idea fago unha primeira viaxe polas serras orientais, partindo do Cebreiro, poboación de gran simbolismo, por ser un dos lugares polos que entran maior número de camiñantes, e por ser un asentamento moi antigo no que se expresa á perfección a integración de séculos entre o ser humano e a natureza: a elección do lugar para facer as casas, a adaptación das formas ao terreo e o clima, o emprego dos materiais da natureza, a creatividade para deseñar solución aos problemas de cada día que se plasma nos aparellos, nos obxectos da casa, na decoración. Desde o Cebreiro vou facendo referencias a lugares e situacións seguindo itinerarios, unhas veces imaxinarios no tempo e no espazo, e outras veces rutas máis ou menos organizadas, polas Serras Orientais, polo Macizo Central Ourensán, as grandes serras do sur, os vales do Miño e do Sil e as serras da Dorsal Galega ata chegar á costa. Aquí e alá van xurdindo temas e ideas por asociación co lugar ou a época: as estacións, a neve, animais e plantas, poboacións, actividades humanas ou simplemente pola suxerencia dunha imaxe tomada nun determinado lugar. Despois dun percorrido pola costa remato en Fisterra, á caída do sol, coas últimas luces do día e final da terra galega e da viaxe.



O Cebreiro

## NATUREZA PURA

No traballo prima a natureza. Desde a grandiosidade dos grandes espazos abertos, ata un ínfimo pequeno detalle. O viaxeiro que vai percorrendo camiños non pode ser alleo ao espazo e o tempo no que se desenvolve. As paisaxes amplas e abertas dos cumes e das chairas, o ambiente íntimo e acolledor das fragas ou dos cavorcos. A luz cambiante, o aire, as nubes. Pero tamén cada detalle, pequeno ou grande: a grandiosidade e solemnidade das árbores centenarias, as formas e cores das flores do camiño, dos insectos, ou as follas das árbores...

En Galiza podemos atopar ecosistemas e hábitats moi diferentes e variados, como son a súa xeografía e o seu clima. Montañas, vales, chairas, costa rochosa e areosa. Pola súa situación nunha zona de transición entre dous mundos botánicos diferentes, a rexión eurosiberiana e a mediterránea ten unha flora de gran diversidade con presenza de especies de diferentes mundos e á vez de especies propias ou endemismos, ademais de algunhas residuais que perviven de tempos primitivos, que proceden do Terciario e resistiron as últimas glaciacións refuxiadas en lugares de condicións especiais, como os fentos que se conservan nas fragas do Eume.

As especiais condicións xeográficas, xeolóxicas, xeomorfolóxicas e climáticas de Galiza convértena tamén nun enclave privilexiado para o desenvolvemento dunha fauna rica e diversa e de grande interese dentro do contexto europeo. Esta riqueza e diversidade atópase tanto no medio terrestre como nas augas mariñas e continentais. Galiza é ademais ruta de paso para aves de interese, tanto mariñas como terrestres e zona de cría para un bo número, en especial nos cantís e marismas da costa e nas lagoas e zonas húmidas do interior. Polas súas características climáticas é unha área especial para o desenvolvemento dos anfibios, dos que conta cunha das maiores diversidades de Europa.



## A MONTAÑA

O territorio galego é unha sucesión interminable de lombas, montañas e grandes serras separadas por milleros de ríos e regatos e algunha que outra chaira ou depresión. A diversidade de rochas e microclimas, xunto coa historia xeolóxica crearon múltiples morfologías de relevo onde podemos atopar formas suaves ou escarpadas, profundos canóns, ou vales de pouca pendente. Isto fai que en grande parte do país as nosas xentes tivesen que adaptarse ás duras condicións de vida e á escaseza de terreo para cultivar e que ao longo dos séculos fosen buscando solucións para sacar delas o mellor rendemento posible: rochas para facer as súas vivendas, leña para quecerse e cocinar, madeira para mobles, construción e fabricación de aparellos, froita, pastos para o gando, matogueiras para empregar como cama para o gando e despois como fertilizante, especies cinexéticas...

As montañas, sobre todo as máis illadas, son hoxe o último refuxio para moitas especies de flora e fauna silvestres e gardan, ademáis, interesantes formacións xeolóxicas: pegadas das glaciacións, pregamentos e todas as formas imaxinábles de modelado nas rochas, ademais conservan importantes mostras etnográficas do pasado e do presente.

Por iso moitas áreas de montaña galega forman parte de espazos protexidos: O Invernadeiro, O Xurés, Os Ancares, O Courel, O Xistral, Macizo Central, Trevinca, O Faro, A Marronda, O Buio, Forgoselo...).

Para moitas persoas, amantes da natureza, unha das maiores satisfaccións é facer roteiros polas serras, internarse nas fragas e acadar os cumes, que son case sempre zonas onde se divisa unha gran área de paisaxe. Despois dun grande esforzo e dunha longa camiñada, non hai mellor sensación que a de sentarse nun cumo e contemplar a paisaxe desde as alturas. E Galiza ofrece multitude de posibilidades para facelo, nas grandes serras e nos pequenos montes que se atopan practicamente en cada vila e aldea.




## A COSTA

A costa, a delgada e intanxible liña onde se separan, ou se unen, o mar e a terra, ten en Galiza cas 1.498 km de lonxitude, desde a Ría de Ribadeo ata a desembocadura do Miño, onde se suceden e alternan cantís e areais, expostos ou protexidos, con entrantes e saíntes, entre os que destacan, como formación singular da nosa terra, as rías.

Na costa podemos comprobar a acción do mar sobre as rochas, contemplar os cambios co debalar da marea, os días calmos ou de temporal, as luces do mencer ou do solpor. E por todas partes a vida rebulindo. As aves nos esteiros, marismas e lagoas litorais, as algas nos rochedos, os moluscos nas praias e as plantas nas dunas ou nos cantís.

A costa galega está en permanente transformación debido ás forzas da natureza, pero tamén á man do ser humano. Colonizada desde moi antigo como atestiguan os numerosos castros, os gravados rupestres e os restos históricos de todos os tempos; e intensamente explotada na actualidade, xa que soporta a maior parte da poboación galega con todas as actividades e infraestruturas que eso implica: portos, paseos, recheos, vías de comunicación, vivendas e sumidoiros.

A costa é a porta do mar, do que é inseparable, e condiciona todo en Galiza: os recursos, a chegada de novos pobos e culturas, a saída para a emigración... Está presente na historia, na arte na literatura e nas lendas e tradicións.



Cabo Ortegal



# OS RÍOS

Un dos elementos fundamentais da configuración da paisaxe galega é a existencia de miles de ríos e regueiros que recollen as augas das abundantes choivas e das fontes. Non hai aldea, lugar, vila ou cidade que non teña o seu río. En calquera ruta que fagamos é doado que nalgún momento sigamos un río, que nos acompañe un constante e variado son procedente de entre as árbores e a vexetación. É a música dos dez mil ríos e regatos que corren dando pinchos entra rochas polas pendentes das montañas ou que discorren mainamente polos amplos vales e esteiros.

Os ríos dan vida a espazos naturais de grande diversidade e singular beleza onde en casos se nos amosa toda a forza da natureza en forma de canóns ou fervenzas. Forman parte desde sempre do diario vivir dos galegos e galegas, desde a fonte máis pequena ata o gran Miño.

Foron aproveitados desde tempos antigos para lavar a roupa, regar os prados, mover muíños, batáns, mazos, serradoiros e dinamos para producir enerxía eléctrica.

Arredor dos nosos ríos xeráronse numerosas lendas e tradicións que forman parte do noso patrimonio cultural.



Río Sil en Augasmestas



Río Miño en Lugo

## NATUREZA E XENTE

A paisaxe galega é a expresión da íntima relación de séculos das súas xentes coa natureza. Sobre o territorio galego asentáronse e deixaron as súas pegadas ao longo dos anos os nosos antergos e hoxe o noso patrimonio combina as formas máis antigas e máis modernas de arquitectura ou estruturas de comunicación.

Case non se atopa un recuncho onde no apareza a man das persoas transformando o territorio: os montes aparecen cubertos de pasteiros e nos lugares de formas máis suaves preséntansenos como mosaicos multicolores onde se combinan terras traballadas, soutos e bosques. Nas ladeiras asolladas, ou ao pé do mar, os asentamentos humanos aproveitando ao máximo o sol e dándonos mostra do bo sentido das xentes que escollían os mellores lugares para facer as súas casas respectando a natureza da contorna.

Podemos gozar en moitos casos da armonía e comunión entre xente e natureza, de obras acordes co medio, que se integran e perden nel e incluso lle dan sentido, pero tamén podemos ver como impactan as numerosas actividades, ás veces mal plantexadas: encoros, repoboacións forestais, parques eólicos, vías de comunicación...



Paisaxe de Mazaricos

## O TRABALLO

A gran diversidade física de Galiza proporciona importantes recursos para o traballo de transformacións dos materiais. Unha costa longa e diversa á beira dun mar produtivo que sustenta o traballo de mariñeiros e mariscadoras. Un agro variado que ofrece sustento para unha das mellores ganderías do estado e diversos cultivos que son a base dunha importante actividade económica como a viña ou as hortalizas. Recursos minerais que foron o atractivo para pobos invasores e que hoxe son a base dunha importante industria.

E con todas esas materias primas todo un abano de actividades e oficios que nun comezo eran manuais e artesanais e pouco a pouco foron evolucionando ata industrias punteiras como o sector agro-gandeiro, a manufactura da pedra e da arxila, os derivados da pesca ou os astaleiros.

Coñecer un país tamén é coñecer ás súas xentes e o seu traballo. Podemos, contemplar unha vendima ou a colleita da herba para facer silo, as mariscadoras nas rías, os barcos pescando, deternos a visitar o obradoiro dun artesán, unha adega, unha queixería ou un porto pesqueiro onde todo é actividade.

Sempre que nos acheguemos coa olladada receptiva e a mente aberta poderemos recoller ese momento do día, da paisaxe, da vida das persoas, e levarnos no recordo algo máis que os tópicos que nos adoitan ofrecer, moitas veces lonxanos á realidade do día a día dun país.



Neste traballo ofrezco cen olladas, cen ideas ou cen momentos que me inspiraron, que chamaron a miña atención ou me fixeron sentir curiosidade ou admiración.

Hai moito máis, e cada persoa ten que escoller e gozar dos seus.

Este traballo foi realizado hai dez anos como primeiro boceto para o Libro "Galiza Camiño do Sol" editado por A Nosa Terra en 2008. Despois dunha pequena revisión quixen publicar o orixinal.





Piñeiro rubio cargado de neve



Pallozas cos primeiros raios de sol da mañán



O Cebreiro nun día de tormenta

## 1-O CEBREIRO

Despois de darlle moitas voltas a como e por onde comezar este libro, viume á memoria unha viaxe que fixen con meu pai a Valencia hai corenta anos na que, á volta, cando estabamos entrando en Galiza ocurriuselle deixar a “estrada nacional”, que daquela non había autovías, e volver á casa pasando polo Cebreiro e por Samos. A primeira visión do Cebreiro, aínda libre do exceso turístico actual, as pallozas, o encanto das cores de outono (era a finais de setembro), os froitos dos capudres -ou carnabudos como che chaman alí-, as vistas desde as montañas... quedaron na miña memoria para sempre.

Este recordo impulsoume a escoller o Cebreiro como punto de partida do traballo, a xeito de entrada no país, como fai a primeira luza da mañán e os milleiros de peregrinos que cada ano entran en Galiza polo Camiño Xacobeo Francés para achegarse a Santiago, ou a Fisterra, na busca do último sol do día.

Volvíñ moitas veces ao Cebreiro, en todas as épocas do ano, pero para gozar de verdade de todo o seu esplendor hai que pasar a noite alí, contemplar as últimas luces do día na montaña e erguerse cedo para ver o mencer. E, se tes a sorte de que neve e estea o día claro, plasmar as imaxes das primeiras luces da mañán nos montes do Courel, filtrándose entre as árbores ou comezando a iluminar as pallozas.



Vista do Cebreiro cara ao leste coas primeiras luces da mañán

## 2-FAIAL DE FONTEFORMOSA

Moitas das persoas afeizoadas á fotografía da natureza sentimos pasión polas cores do outono, e ningunha árbore como a faia (dentro das autóctonas) para expresar todo ese esplendor en amarelos, dourados e ocres, representados, nesta ocasión, no bosque de faias máis puro de Galiza.

O problema para acadar estas imaxes é acertar co momento, xa que as faias despréndense enseguida das follas.

Fumos varias veces ao faial de Fonteformosa. Avistámolo por primeira vez no verán, e xa aquel día decidín que quería velo no outono. O primeiro ano chegamos tarde, había neboa e xa non tiña follas. A segunda vez decidímonos de súpeto; custounos un madrugón, case tres horas en coche e moitos quilómetros, e antes das once da mañán xa estabamos a tomar café no Cebreiro esperando a que parase de chover. Como pasaba o tempo e a cousa non tiña trazas de mellorar, aproveitando un escampo decidimos subir igual. Armados de chubasqueiro e paraugas para protexer as cámaras, fixemos as fotos e gozamos do outono. De remate, acabamos pingando, pero, a pesares da molladura, compensou. Gozar dun faial no outono e mergullarte nas súas cores ben merecen un madrugón e unha molladura.



O faial por fóra no outono



As faias sen follas



Interior do faial de Fonteformosa (entre O Cebreiro e O Courel)

### 3-NEVADA NA MONTAÑA



O Portelo



Árbores na neve

Nunca se sente tanto a soedade da montaña como nos curtos días de inverno cando neva. Estremece pensar nas dificultades que poden pasar as persoas que viven nos lugares máis illados e na dureza dos días de inverno.

Para o que vai de visita, se tes a sorte de ter un día claro e atopas a estrada transitable, é todo un espectáculo.

A transparencia do aire frío, o branco puro da neve, e polo medio, as árbores espidas esperando mellores tempos.

Un fin de semana de Entroido percorremos, en dous días, o camiño entre Cervantes e Quiroga. Entramos por Cevantes, fumos a Quindous, pasamos por Piornado, fixemos noite no Cebreiro e baixamos ao día seguinte polo Courel.

O único espazo libre de neve eran as estradas principais, grazas ao traballos das máquinas. Como sería isto, e vivir aquí, hai uns anos.



Panorámica de Penarrubia e a serra das Maseiras co val do rego da Vara

## 4- VERÁN NOS ANCARES



*Pandoriana pandora* sobre un cardo



Froito de capudre ou carnabudo



Detalle dunha carba

Calquera momento é bo para ir aos Ancares. O inverno coas árbores amosando a súa estrutura cargadas de liques, ou coa neve. A primavera e o outono con todas as cores e o verán con todos os verdes e a calor.

Contemplan a grandiosidade da fraga do rego da Vara desde o camiño de Tres Bispos é un espectáculo a calquera hora do día, pero en especial á caída da tarde, cando recibe os derradeiros e oblíquos raios de sol que a envolven nunha atmósfera dourada.

Internarse nela precisa de todo un día e moitos folgos para o camiño. A recompensa paga a pena: gran variedade de árbores entre os que destacan carballos centenarios, acibeirais frondosos con exemplares enormes... e centos de detalles que van xurdindo polo camiño.

Nas serras orientais hai outros lugares onde podemos facer longas camiñadas polas fragas: San Xés, Carballido, A Marronda, A Fonsagrada, O Courel ou Trevinca.



Fraga do rego da Vara, entre as abas das serras das Maseiras e Tres Bispos.



## 5-INVERNO EN PIORNEDO



O galo e as galiñas aproveitan o pouco sitio libre de neve



Caramelos na beira da cuberta

A primeira vez que fun a Piornedo aínda non estaba a estrada asfaltada e foi toda unha aventura. Polo camiño atopamos derrubes e tivemos que retirar algunha que outra pedra e achegarnos perigosamente a algún cavorco. Pero chegar alí e contemplar as pallozas, e o conxunto do lugar, como suspendido no tempo, foi unha impresión que non se esquece. Recreámonos en cada detalle: a estrutura das casas, as cubertas, as portas, os dinteis, os remates dos tellados, os furados para a ventilación, os hórreos, as sebes e valados que rodeaban as pallozas.

Volvín a Piornedo moitas veces e en distintas épocas do ano, pero nunca o atopei tan fermoso como aquela vez, e esta, no inverno. O peso da neve sobre os tellados de colmo semella que os vai afundir, pero o bo facer das xentes que desde hai séculos constrúen as pallozas amosa que foron durante moitos anos unha solución práctica e duradeira, perfectamente adaptada aos duros invernos dos Ancares.



Palloza e hórreo

## 6-XANTES. O CONTRASTE DAS ESTACIÓNS



Xantes no inverno



NarNarcisos en Campo Formoso,  
no val do Ortigal

A primavera chega tarde nos Ancares, pero a contemplación dos verdes vivos que enchen as abas das montañas que no inverno estiveron espidas e sen cor, fai sentir unha emoción especial.

O ciclo das estacións vívese na primavera con gran intensidade porque é o momento no que se ve renacer a vida: a auga canta nos regatos, os prados están dun verde vizoso e as árbores agroman con toda a súa enerxía despois do descanso invernal. Nos campos e nos beirais comezan a asomar multitude de pequenas flores que enchen todo de cor e, con elas, os primeiros insectos.

As imaxes tomadas desde o mesmo punto, na entrada de Piornedo, son bo exemplo do cambio.



Xantes (Os Ancares) na primavera.

## 7- SEIMEIRAS

A auga está presente por calquera parte do país, e moi especialmente no inverno e na primavera. Pero en ningún lugar sentes máis a súa enerxía que ao pé dunha ferverza.


A auga que se precipita desde o alto das rochas pulverízase e enchópao todo. E se queres realmente gozar dela tes que deixarte acariñar pola fina chuvia que se desprende do bater da auga nas rochas.

Unha cousa que non me deixa de sorprender é a riqueza do noso idioma. Os saltos de auga teñen nomes distintos en cada sitio do país: son cadoiros, freixas, pincheiras, cachóns, fírvedas, fervedoiras, caeiras, rexedoiras, seimeiras...

Na comarca da Fonsagrada, onde son moi abundantes, chámase seimeiras, un nome que escoitei por primeira vez cando fun a visitar a de Vilagocende, un dos saltos máis espectaculares, que me impresionou pola súa altura (máis de 50 metros) e polo incomparable marco natural no que se atopa, entre lastras de cuarcita e árbores que compiten con ela en altura.



Seimeira no río Eo, en Baleira



Seimeira de Vilagocende (San Martiño de Suarna-A Fonsagrada) no río Vilabol, afluente do Suarna que vai ao Navia.

## 8-SUBIDA AO MOSTALLAR

Fixen o camiño do Mostallar, sen chegar ao cume, cando tiña trinta anos menos e non había ningunha información. Os paisanos indicáronos o camiño que empregaban para subir co gando aos pasteiros altos no verán, onde se atopan as últimas cabanas. Á volta, xuventude e inexperiencia, baixamos seguindo o río Piornedo, facendo o que puidemos entre pozas, cons e tobogáns, xogándonos un pouco a vida.

Volvín a ir ao Mostallar, pero deste vez empeñeime en subir ao cume, con trinta anos máis enriba e bastante artrose. O sacrificio foi enorme. A última subida tiven que facela con moitos descansos, pero á fin acadei o cume. Pagou a pena. O día estaba claro e a contemplación dos cumes dos Ancares, dos vales galegos e leoneses, da montaña en todo o seu esplendor e grandiosidade compesou o esforzo. Sempre me preguntei que motivación pode levar aos escaladores a sacrificarse e arriscarse por conquistar cumes. Agora creo que o entendo mellor. Nunca gozas dun cume tanto, como cando che supón un reto acadalo. E a sensación de chegar arriba só a pode comprender a persoa que o fai.

Pero non só é importante a meta, o final do camiño. Todo o que vas atopando te sorprende e enriquece: unha xensá, as arandeiras, unha víbora de Seoane, unha lagartixa da serra, os capudres madurando os primeiros froitos, as pegadas dos glaciares nas rochas... canto máis observas máis descubres, máis aprendes e máis gozas.



Vista desde o cume sobre Tres Bispos



O Río Piornedo, no comezo do seu percorrido



O Mostallar, o primeiro cume dos Ancares galegos, con 1.924 m

## 9-OS ACIVEIRAIS



Acivros no Cebreiro

A primeira vez que vin os acivros, sen ser nas tarxetas de nadal, foi no Cebreiro, algúns exemplares formando parte de sebes ou en pequenos grupos mesturados no bosque. Pero o primeiro acibeiral dunha certa extensión descubrimos camiñando polos Ancares. Internarte nun bosque de acivros é como se se fixese noite. Debaixo deles non hai máis que silencio e escuridade. A follaxe é tan mesta que non deixa pasar nada de luz.




Froito dos acivros

Se se visita no outono, ou no inverno, o verde escuro das súas follas contrasta coas árbores marelas ou espidas que os rodean. Podes contemplar as vivas cores vermellas dos seus froitos, que, ademais de resultar tan fermosos, son a reserva de alimento para moitos animais da montaña, xa que o acivro é unha das poucas árbores que mantén o froito ata ben entrado o inverno.




Interior dun acibeiral da fraga da Cabana Vella nos Ancares, onde se atopan exemplares de gran tamaño

## 10- MENCER NA MONTAÑA



Os Ancares



Canón do Sil


Se queres gozar do mencer na montaña téis que pasar a noite nela, durmir alí e erguerse cada o sol, para ver como vai mudando as cousas, acendendo as cores e a vida, como arrinca as nuves que se formaron nos fondos dos vales de entre as que xorden os pobos, os campos, as fragas, os camiños e van deixando ao descuberto pequenos recunchos que poden ter o encanto desta pequena aldea da Serra de Vilamane, empoleirada no alto dun pequeno cume, para recibir o máximo de luz, e cos Ancares como escaerio de fondo. Imaxes como esta son irrepetíbeis, e hai que estar alí no momento xusto, para gozalas e recollelas coa cámara.

A cambio do madrugón gozas de esceas únicas.




Serra de Vilamane

## 11-TARDE NA MONTAÑA



Fraga da Cabana Vella



Penarrubia

Un bo día de verán, sen brétemas e co ceo limpo e transparente permítenos gozar da enormidade da paisaxe dos Ancares e de cada un dos seus detalles e matices. A luz da tarde dalle unha cor dourada aos montes e aumenta o contraste entre o mato de uces e a fraga.

Despois de moitos anos percorrendo montes e facendo fotos non conseguin retratar mellor a montaña que coa luz da tardiña. En calquera lugar a luz dourada resalta as curvas e as texturas e o contraste de luces e sombras acentúa a forza das formas e da lugar a imaxes espectaculares.

Hai que aproveitar o momento, que dura pouco, pois deseguida escurece e todo se cubre de sombras.



Montes de Cinsa entre Galiza e León

## 12-A MAGNITUDE DAS SERRAS

Se queres abranguer toda a grandiosidade dunha serra tes que situarte fóra dela ou meterte no seu corazón.

ara ver os Ancares desde fóra un bo lugar é a estrada de Becerreá ou o alto do Cebreiro. Aquí faste conscente do lonxe que quedan, recoñeces os cumes aos que subiches e aprecias máis que nunca o valor que teñen as persoas que viven e traballan neses lugares.

Hai anos, viaxar a estes sitios, desde onde eu vivo, supoñía moitas horas por estradas infernais, con tráfico que che poñía os nervos de punta. Aquelas fileiras de camiións subindo Pedrafita ou baixando as costas de Becerreá ou As Nogais, lentos para arriba, e ás veces, aínda máis lentos, para abaixo.

Agora, despois de moito traballo e investimentos, unha autovía taladra os montes e salta os vales con impresionantes viadutos. Elementos que firen a paisaxe, pero facilitan a vida das persoas que viven e traballan na montaña e das que se dedican ao transporte, ou simplemente se desprazan.



Vista da autovía no val do Navia desde o alto do Cebreiro



Os Ancares desde Becerreá co viaduto de Cruzul.





Instalación moderna de muxido



Dúas parellas labrando nunha seara dos Ancares, nunha imaxe de 1980



Vacas pola corda



Detalle de "O Tesouro"  
(Francisco Asorey. 1924)

## 13-UN MILLÓN DE VACAS

Aproveito o título do libro de Manolo Rivas, sen pedirlle un permiso que agardo teña a ben concederme, para a entrada. Os censos gandeiros non certifican tantas, pero ándalle preto. Todas partes, todos os recantos, altos e baixos, preto do mar ou nas montañas, contan coa súa presenza. Rubias, morenas, autóctonas e de alén das nosas fronteiras. Soas, en pequenos grupos, ou en rabaños numerosos; collidas da corda, pacendo ceibes polos prados ou encerradas en grandes naves; as vacas están sempre presentes. Un dos símbolos do país sufríu, en poucos anos, unha transformación radical. Pasou de ser multifuncional: produtora de alimento, traballo, fertilizante e rendas, a converterse, en moitos casos, nun simple obxecto de produción. Pasou de ser o tesouro máis prezado da familia labrega, con nome propio e cuberta de aloumiños, a ser un animal anónimo. Pero a pesar diso segue a conservar todo o atractivo da súa proximidade.

Nas fotos tento expresar a miña admiración polas vacas que viven en liberdade resistindo a dureza do clima da montaña e facer unha homenaxe ao seu traballo e valor no pasado, como ben representa a escultura "O Tesouro" do Asorey. Sen esquecer que no presente segue a ser un dos peares económicos do país. Que sería de Galiza sen vacas!



Vacas nos Ancares

## 14-CRUZUL



O aciñeiral no outono



Froitos de herba de pobre

A cor das aciñeiras non é o verde vivo ao que estamos afeitos en Galiza -sen contar as estensas áreas de eucaliptos-, é un verde gris característico do Mediterráneo, ao igual que o son as árbores. Na imaxe, o verde-gris das aciñeiras vese acentuado pola cor gris prateada dos numerosos liques que cobren as súas ponlas e que se fan máis visibles na primavera, dándolle á imaxe unha textura especial.

Galiza é tan rica e tan diversa que ofrece variabeis edafolóxicas e climáticas que permiten a existencia de árbores máis propias doutros lugares. É punto de encontro entre especies típicas do seu propio ambiente, o atlántico, e de especies mediterráneas.

En Cruzul, ás beiras do río Narón, en Becerreá, situado sobre rochas calcárias, que acrecentan a sequeidade, e orientado ao Sur, o que aumenta a influencia do sol, está este aciñeiral, o que se atopa máis ao norte de Galiza. Alí podemos ver, ademais, outras especies tipicamente mediterráneas como as uvas de can, a herba do pobre ou as arzaias.



O aciñeiral na primavera, antes da saída das follas novas

## 15-O FERRO



Roda do mazo de Ferrería Vella (Riotorto)



Mazo da ferraría de Penacova (Bóveda)



Ferraxes da porta da igrexa de Vilar de Donas (Palas de Rei)

En moitas lugares de Galiza, en especial no Courel, no Incio ou A Fonsagrada, o ferro aparece por todas partes, tinguido as rochas das beiras dos camiños, dándolle cor ás fontes e mananciais ou a pequenos regatos ou formando parte da terra.

Noutros tempos os ricos filóns de ferro foron explotados en numerosas minas –veneras como se chaman no Incio- e foron a base dunha importante industria artesanal, os mazos ou ferrarías, que, movidos pola enerxía hidráulica aplastaban o ferro enchendo de estrondo a contorna. Hoxe xa non se escoita o bater dos mazos e os centos de ferrarías que houbo polo país pecharon e desapareceron. Algunhas están convertidas en museo (Riotorto, Santa Comba, Penacova) ou restauradas como casas rurais.



Minerais férricos tinguido a canle dun rego na serra de Pena Redonda (Pobra do Brollón).

## 16- AS FORZAS TECTÓNICAS

Galiza é un territorio antigo que sufríu numerosos episodios xeolóxicos: pregamentos, roturas, e por suposto, en tantos anos, o desgaste dos elementos meteorolóxicos, en especial da auga en todas as súas manifestacións. Nalgúns lugares quedan ao descuberto, sobre o terreo, as pegadas desas lentas e xigantescas forzas en forma de fallas ou pregues. O Courel é un deses lugares privilexiados onde podemos observar a terra como un elemento vivo, cambiante, capaz de retorcerse, de modificarse, creando formas que se nos amosan como nun museo ao aire libre.

A primeira vez que fun ao Courel saquei fotos do pregue de Campodola, ignorante da importancia que tiña. Impresionoume o seu tamaño e a craridade con que se distinguen as distintas capas de rochas repregadas varias veces, en especial coa luz da tarde.

Na actualidade está recoñecido como un punto xeolóxico de interese internacional e conta cun miradoiro e paneis explicativos.

Pero iste non é o único punto de interese xeolóxico da zona. Podemos ver diferentes pregamentos polo último tramo do val do Lor e no val do Sil e, noutros puntos do Courel temos unha grande diversidade de formacións rochosas dignas de seren coñecidas: as paredes verticais de lousas, os canóns dos ríos, as formacións calcárias e as covas.



Parede calcária no Taro Branco.  
O Courel



Pregue na Travesas (Quiroga)



Cova en Santalla (Samos).



Pregue de Campodola, no Courel

## 17-PRIMAVERA NO COUREL



Monte cuberto de breixos, xestas e carqueixas



Orquídea (*Orchis italica*)



Prado de orquídeas

Outro dos valores destacados do Courel son a súa flora e a súa fauna. Tanto pola magnitude, integridade e pureza dos seus conxuntos (fragas, devesas, soutos, aciñeirais, reboleiras, bosques de ribeira, matogueiras, prados de montaña...) como pola grande diversidade de especies animais e vexetais.

Nos diferentes ecosistemas do Courel están representadas máis de mil especies vexetais, case a metade das que hai en Galiza, e entre elas moitas de grande valor ecolóxico por seren endemismos, especies raras ou de difícil localización no país. O mesmo poderíamos dicir da fauna.

Por moitos percorridos que fago, sempre atopo algunha especie nova. Para descubrir e observar as plantas a mellor época é a primavera, cando os montes se cobren da cor rosa e branca das uces e xestas e por todas partes aparecen flores das que podes gozar aínda que coñezas nada delas. E sobre as flores, ou entre elas, no lugar máis inesperado, algún insecto que moitas veces nos sorprende coa forza ou a variedade das súas cores.




Borboreta sobre unha arzaia

## 18-PINCHEIRAS



Pincheira de Rexú ou Rixiu,  
nun afluente do Lor, en Vilamor




Pincheira do Caroceiro,  
unha das máis altas do Courel

Os saltos de auga son un atractivo máis, ás veces un elemento sorpresa, e moitas veces un obxectivo nas nosas viaxes. Sempre que temos algúnha referencia, vemos un indicador, ou o releve nos indica a posibilidade da súa existencia metémenos no camiño, ás veces inexistente, a buscala.

No Courel hai numerosas fervezas, pincheiras como lles chaman alí. Algunhas están indicadas e moitas hai que buscalas seguindo o río ou por complicados sendeiros de montaña. Pero sempre paga a pena. Desde a ferveza de Vieiros, a máis coñecida e visitada, ata as máis recónditas situadas no fondo dos cavorcos dos centos de regos que hai por toda a comarca que son tributarios do Lor, do Selmo ou do Soldón.

Podemos atopar pincheiras con moita auga que nos encantan pola súa grandeza e espectacularidade, outras nas que o ferro tingue de vermello a auga e as rochas, e outras nas que a auga esbara en finos fíos polas lousas pulverizándose antes de chegar abaixo.

E, acompañando as pincheiras, case sempre pozas frescas nas que podemos darnos un baño, ben frío, nun día caloroso de verán



Pincheira de Vieiros, no río Selmo, nas proximidades da Seara

## 19-VERÁN NO COUREL



Ourizos



Cicindella

E sego co Courel.

O verán ofértanos no Courel lugares fermosos, alonxados do barullo das praias e dos centros turísticos habituais.

Á sombra das fragas e á beira dos ríos e regatos podes gozar de longas camiñadas e refrescarte coas súas augas que, aínda que un pouco minguados, conservan a auga.

Desaparecida a cor rosa do mato que cobre os montes, agora domina un verde fresco, moi diferente dos eucaliptos e piñeiros que invaden os montes das zonas costeiras e ocupadas polas repoboacións.

O verde das uces, das xestas, dos breixos, das carqueixas, dos castiñeiros, dos carballos, dos bidueiros ou dos pradairos.

E polo medio, sobre todo nos cúmes, nos claros dos bosques ou nos beirais, flores e pequenos animais.

Os máis doados de observar son os insectos que se pousan nas flores, os lagartos que se asollan nas rochas ou as aves que aparecen de cando en vez. Pero tamén vemos aos outros, aos grandes, ou sabemos da súa presenza polas pegadas e sinais que imos atopando no camiño.



Verán no Courel. Os soutos ocupan os arredores das poboacións

## 20-OUTONO NO COUREL

A primeira vez que chegamos buscando, para fotografar, o faial de Fonteformosa, do que aparecen imaxes nas primeiras páxinas do libro, xa estaba sen follas. Falando cun dos veciños, indicounos un camiño que levaba ao faial e pasando deste, ao chegar ao alto, por un cruce á dereita nos ía achegar á entrada da Devesa de Rogueira. Con moitas horas por diante, o faial espido e as gañas e a esperanza de facer unhas fotos do outono das faias, metémonos polo camiño e cando chegamos a onde nos pareceu que era "o alto" atopámonos con varios ramais. Collemos, como nos dixeran, o da dereita, e ao pouco tempo xa nos decatamos de que non era o correcto. baixaba e baixaba e non ofrecía ningún lugar onde dar a volta. Ata que de pronto apareceron uns valos, e con eles a idea da proximidade das casas. E un pouco máis abaixo, entre os valos, un camiño que o recente tráfico da tala e transporte de piñeiros convertera nunha lameira que metía medo. O Terrano portouse e pasou. Desde ese camiño tiñamos diante esta imaxe. E ao pé as pegadas dunha explotación romana. Un pouco máis abaixo Castro de Romeor. Non era o noso destino, pero foi un remate agradable para unha mañán de chuvia de finais de outono que comezara descamiñada.



Folla de pradairo



Mina romana en castro Romeor



Prados preto de Castro de Romeor, no Courel



## 21-OS SOUTOS

Arredor de cada poboación do Courel hai un souto. No verán pasan máis inadvertidos entre os outros verdes, pero coa chegada do outono as intensas cores amarelas e ocres dos castiñeiros dominan a paisaxe.

Visitar o Courel no outono, e percorrer os camiños que discorren polo interior dos soutos, é unha experiencia única. As cores douradas en todas as súas expresións, desde o amarelo craro ao castaño, están por todas partes.

Desde fóra impressiona a masa de cor, ás veces en contraste cos verdes dos prados ou doutras árbores. Por dentro as cores multiplícanse filtradas e matizadas coas luces e as sombras e descóbrense gran variedade de formas e ocos nos vellos toros e nas ponlas das árbores, modeladas pola mans das persoas e a natureza en centos de anos de cultivo e aproveitamento. No chan os ourizos abertos e, se non foron apañadas, algunhas castañas.

E nalgúns lugares castiñeiros monumentais como o do Val da Fonte. A castaña foi un alimento fundamental en Galiza antes da aparición da pataca e acompañaba á maioría das comidas. Hoxe é un recurso importante para os habitantes das montañas e arredor do seu cultivo e colleita hai toda unha cultura etnográfica que se expresa en costumes como os magostos, en construcións como os sequeiros ou as ouriceiras e en diferentes aparellos e utensilios para a colleita.



Ourizo aberto



Castiñeiro no Val da Fonte en Paderne (Folgozo do Courel)



Souto en Miraz

## 22-LUCENZA


Lucenza, despois de varios intentos por camiños errados, as primeiras veces por inexperiencia e outras por informacións deficientes, ou por deficientes interpretacións, esquivou varias veces a nosa presenza. A última vez, de momento, decidimos coller o camiño trillado. Desde A Seara cara arriba ata chegar a ela. E así foi. Pero polo medio estaba a pincheira de Fócaro, a luz da tarde sobre a paisaxe do Courel e outras varias tentacións baixo formas diversas: flores, insectos, regatos, árbores... e cando estabamos chegando arriba a batería da cámara deixou de funcionar, esgotárase. Non sei onde lera, ou quen me dixera, que ás veces fregándoa cargábase un pouco, tanto como para permitir tomar algunha imaxe. Fixemos o pouco camiño que quedaba, unha vez andados tres quilómetros costa arriba, pouco máis daba andar o outro medio, e polo menos se non se fotografaba víase. Ademais dar volta tampouco era solución.

A batería necesitaba ser recargada, no que tarda varias horas, e o día xa daba para pouco máis.

Chegamos á lagoa, freguei a batería, coloqueina na cámara e, deixoume facer cinco fotos. Despois, a cámara apagouse, e xa non valeron de nada novas fregas.



Pincheira de Fócaro, no camiño da Lucenza, preto da Seara, no Courel



Vista desde o camiño da Lucenza cara á serra dos Cabalos



Lagoa de Lucenza, de orixe glacial, nunha tarde de primavera

## 23-CAMIÑANDO POLA DEVESA DE ROGUEIRA

Facer unha ruta polo interior da Devesa de Rogueira é unha actividade case imprescindible para calquera naturalista, ou simplemente, para calquera persoa que goce coa natureza. É unha experiencia apaixonante en calquera época do ano, pero no outono ten un encanto especial. Amósanos os amarelos e ocre das faias, os amarelos verdosos dos pradairos ou dos bidueiros e toda a gama de verdes, desde os máis vivos dos carballos e carbas, ata os máis escuros dos acivros e teixos. No sotobosque unha inmensa variedade de plantas e, aínda que máis difíciles de ver, tamén moitos animais ou indicios deles.

En cada punto do camiño, que nos pode ocupar moitas horas se o facemos completo con ida e volta, podemos gozar dos xogos da luz no bosque, do marmurio das augas dos numerosos regatos, da cor dos minerais das fontes ferruxinosas e, se chegamos ao cume, das impresionantes vistas desde fora da devesa de toda a aba oeste do monte Formigueiros (o pico máis alto da serra do Courel), na que se asenta, e dunha ampla panorámica de toda a área.

A Devesa de Rogueira está considerada a mellor fraga atlántica da Península Ibérica e unha das máis interesantes de Europa pola súa grande biodiversidade. Se queremos facer a ruta completa (unhas 7 horas ida e volta) hai que saír de Moreda (Aula da Natureza) e facer un duro ascenso ata chegar á parte máis alta onde se atopa a Fonte do Cervo, e aínda máis arriba o miradoiro, a máis de 1.500 m de altitude. Pódese conectar coas rutas que van á Lagoa de Lucenza ou que suben ao Alto do Couto. Desde o último punto (na estrada de Seoane a Visuña) pódese facer tamén un percorrido pola parte alta da devesa, de menor duración e dificultade



Ponla dunha faia no outono



Soldaconsolda



Interior da Devesa de Rogueira

## 24-ABANDONO DO RURAL

Unha constante nas viaxes polo interior do país é a contemplación de pobos enteiros abandonados ou de gran número de construcións de todo tipo, algunha de gran valor artístico ou etnográfico, en estado ruinoso ou cun alto deterioro. E, arredor das poboacións, tamén as terras outrora produtivas; as antigas searas de centeo convertéronse en prados para alimentar ao gando, e cando o gando deixou de ser rentable en matogueiras ou plantacións de piñeiros e eucaliptos.

Tamén é duro atoparse con lugares onde só vive unha familia, ou varias compostas só de persoas moi maiores que xa non son quen de facerlle fronte ao traballo. Cústame facer fotos destas persoas, aínda que me teño atopado con moitas esceas tentadoras para a cámara. Séntome como que invado a súa intimidade e firo a súa dignidade. Prefiro falar con eles de cousas de agora e cousas de antes e compartir un momento agradable e arriquecedor para min coñecendo e compartindo as súas experiencias. Eu volverei á comodidade da miña casa e eles seguirán alí, traballando duramente para gañar moi pouco, ou simplemente subsistindo e sufrindo a falta de comodidades e servizos. Temos que cambiar a nosa ollada do rural e revalorizalo como se merece. Sen esas persoas que mantiveron e manteñen vivos eses lugares non poderíamos os demais gozar da riqueza natural e etnográfica que nos ofrecen cando imos por alí de cando en vez.



Fiais, unha aldea abandonada na serra de Cereixido, ao sur do Courel



Camiño de Santiago ao pasar por Ramil, ao pé dun castiñeiro centenário



Alcipreste da ermida do Salvador de Samos. Ten arredor de 500 anos e mide 26 m de altura e 3,25 m de perímetro.

## 25-BAIXANDO DO CEBREIRO

Continuando polo Camiño de Santiago desde o Cebreiro atopamos Triacastela e desde alí podemos contemplar a serra do Oribio coas fragas que rodean as cabeceiras e os caborcos do río Sarria ou Oribio, ou subir aos cumes e contemplar todo o Courel (serras de Lóuzara, Trapa e Courel) cara ao sur e o leste, e os vales de Traiacastela e as chairas case ata Lugo e Monforte.

Nos días claros do verán débúxase un mosaico de cores ocres e verdes cun escaerio de fondo formado polas serras de Albela ou O Páramo.

Andando o camiño podemos atopar variedade de monumentos naturais, etnográficos e artísticos: en Ramil, na entrada de Triacastela pasamos ao pé duns castiñeiros centenários, no centro da vila podemos ver unha nogueira moi vella e os detalles das casas construídas coa rocha calcária das canteiras da zona, a capela mozárabe do Salvador de Samos, co centenário alcipreste que a acompaña ou o impresionante mosteiro de Samos, ao pé do río Sarria, que poderemos seguir nun bo paseo, que se coíndide co outono, échese do amarelo dos chopos que flanquean as súas beiras. É un bo lugar para facer unha parada no camiño, sexas ou non seguidor da Ruta Xaboea.



Vista desde o alto do Oribio cara ao norte.



Detalle do encoro de Salime en Negueira de Muñiz



Restos da Ferraría no Suarna



O Suarna na Naraxa

## 26-CANÓN DO NAVIA

Ao norte dos Ancares, en terras compartidas con Asturias, podemos seguir o percorrido do río Navia en terreos de A Fonsagrada e Negueira de Muñiz. Aínda que alterado polo encoro de Salime, que asolagou os mellores vales, conserva paraxes dunha beleza excepcional.

Cando baixas da Fonsagrada pola serra de Follabal chegas a un punto en que se ofrece a visión do canón do Navia en terras de Negueira de Muñiz onde o río discorre entre pequenos saíntes de terreo sobre os que se asentan as poucas terras cultivables que quedan, nun microclima privilexiado no que sorprende atopar vides, arzaías ou cerdeiras bravas en cantidade.

Seguindo o curso do río pasamos entre as paredes verticais das serras de Cuias e Liñares e, en diferentes puntos, podemos gozar de vistas impresionantes, ou seguir cara á Fonsagrada de novo a carón do río Suarna, que nos ofrece paraxes naturais excepcionais e restos de antigas ferrarías e muíños aos que podemos achegarnos.



Vista do canón do Navia desde o miradoiro do Arexo, na Fonsagrada

## 27-TREVINCA. OS CUMES MÁIS ALTOS



O Teixidal de Casaio



Pena Trevinca



Desde que me dedico a percorrer os camiños do país e, sobre todo, desde que fago traballos de divulgación da natureza, estiven obsesionada por subir a Pena Trevinca, o monte máis alto das serras galegas, todo un símbolo para nos, aínda que pequeno se o comparamos coas grandes alturas do mundo.

A primeira vez que vin Trevinca foi desde lonxe, nunha viaxe que fixemos á Veiga, nun febreiro frío e chovendo. Daquela chegamos ata A Ponte e desde alí tiramos algunhas fotos da montaña entre as nubes.

Logo fixemos varias viaxes máis. Subimos por Casaio, seguindo o camiño das louseiras que estragan o monte, e chegamos ata as antigas pistas de esquí abandonadas.

Aproveitamos para visitar o teixidal e alí empregamos o resto do día.

Noutra viaxe volvemos ao teixidal con máis tempo e internámonos na escuridade, nun ambiente máxico e fantasmagórico onde só se vían os toros retorcidos dos vellos teixos.

Volvín a ver Trevinca de lonxe desde os cumes de Cabeza de Manzaneda, desde os val do Sil, e moito máis de preto desde a lagoa da Serpe.

E logo subín en dúas ocasións, desde Fonte da Cova e desde Vilanova e o esforzo pagou a pena, o camiño e acadar o obxectivo.



Pena Trevinca

## 28-AS LAGOAS DE TREVINCA

Visitamos varias veces as lagoas de Trevinca, atraídos polo marco no que se atopan e polo grande interese xeolóxico, ao ser as mellores representacións de lagoas de orixe glaciar de Galiza.

O primeiro intento foi un día de verán pola tarde con máis de trinta graos de temperatura. Saímos de Vega de Valdelienda, en Zamora e subimos polo val glaciar onde nace o río Bibei. Entre a calor abafante que facía e que os sendeiros eran moi confusos acabamos dando voltas e non demos coas lagoas. Cando comezaba a escurecer desandamos rapidamente o camiño coa preocupación de que a escuridade nos obrigara a durmir no monte coas vacas. No camiño vimos perdigóns, xensás e moitas pegadas dos glaciares nas rochas. Xa de noite, buscando onde durmir, seguimos un indicador dun hotel que nos levou a Xares atravesando a serra por unha estrada que non viña no mapa. Alí coñecemos a Carlos, o xerente do Hotel, que nos indicou outro camiño para ir ás lagoas e ofreceuse a acompañarnos.

Pola mañán madrugamos e no seu todoterreo percorremos as fragas do val da Morteira, vimos carballos e bidueiros de gran tamaño e ao fin chegamos á lagoa, na comodidade do seu todoterreo. A chegada á lagoa de Ocelo foi toda unha visión (despois do esforzo da tarde anterior). Recibía as primeiras luces da mañán nun día craro e era como un espello. Comezaban a cantar as ras e nadaba nela un grupo de alavancos.

Impresionada pola beleza do lugar organizei unha excursión no verán seguinte cuns amigos, coa idea de chegar tamén á lagoa da Serpe, xa moi próxima a Trevinca. Cando chegamos alí a néboa era tan mesta que non nos atrevemos a seguir. Vimos de novo a lagoa, que se adiviñaba lixeiramente entre as nubes e decidimos cambiar de plans e ir a outro lugar.

Na primavera do ano seguinte marchamos de novo a Xares, dispostos a tentalo de novo. Saímos moi cedo, nun día que ameazaba chuvia pero con visibilidade. Chegamos primeiro á lagoa de Ocelo, esta vez coa vexetación queimada polas neves e xeadas invernais, sen rans e sen aves. Seguimos o camiño subindo polo Fial e por fin albiscamos, na outra banda da serra, o val do Xares, e á dereita a lagoa da Serpe, con Pena Trevinca como telón de fondo.

No camiño, con moito esforzo e algunha molladura, gozamos como nunca da espectacularidade da alta montaña, coas primeiras flores da primavera asomando nos espazos libres de neve.



Lagoa da Serpe no final do inverno



Lagoa de Ocelo no inverno



Lago de Ocelo no verán



## 29-A VIDA NA MONTAÑA



Muller levando as vacas para a casa á tardiña. A Ponte.



Perdigón. A cría da perdiz camúflase perfectamente no terreo para pasarse desapercibida.

Esta imaxe que eu titulo “Morenas curiosas” foi a única que puidemos facer nunha das rutas por Trevinca para tentar ir á lagoa da Serpe desde Xares.

Ao chegar á lagoa de Ocelo a néboa era tan mesta que demos volta, por medo a perdernos nun tramo onde o camiño desaparecía e os sendeiros non eran moi definidos e se confundían cos camiños das vacas, e ademais, non tiñamos ningún punto de referencia.

Estas vacas observábanos nunha actitude como de curiosidade. Se tiveran capacidade para pensar estaríanse a preguntar que pintaban alí aquela mañán de agosto con aquela néboa catro persoas e unha vella cadela con aspecto de perdidos.

É unha imaxe que me trae moitos recordos e que conservo con agarimo. Faime pensar, xa sei que repetidamente, na dureza da vida na montaña. Das persoas que teñen que subir a atender o gando, pero tamén de como animais e plantas teñen que buscar as súas estratexias para sobrevivir ás fortes calores e secas do verán, e aos duros e longos días fríos e húmidos do inverno. A vaca, un animal familiar e acolledor, fíxonos compañía en moitas rutas polas montañas, nas que escoitabamos o tintineo dos seus choclos. Xeralmente son indiferentes á nosa presenza, pero ás veces achéganse con curiosidade. Tamén son bos indicadores da hora e do tempo. Cando as vacas botan andar cara a un mesmo sitio, é o momento de dar a volta porque se achega a noite. Cando están deitadas é que vai facer moito vento.



Morenas curiosas en Trevinca

## 30-AS PLANTAS DA MONTAÑA

A primavera chega a todas partes, e a cada unha ao seu tempo... á montaña un pouco máis tarde e dura ata algo menos, pero en pouco tempo descubrimos fermosas imaxes. Son fotografías nas que hai que facer coincidir a ocasión, a data e o tempo, e que moitas veces non é doado. Hai plantas que teñen un tempo de floración moi curto e ás veces non acertas con el. Outras duran máis e ofrécenos máis posibilidades.

Nos montes de Trevinca atópase un bo número de especies de grande interese, endémicas, raras ou escasas en Galiza. Algunhas, como a xensá amarela case desaparecida polo intensa recollida que se fixo dela para uso medicinal.

En xeral son plantas de pequeno porte que pasan case desapercibidas, de formas rastreiras, para resistir mellor a dureza do clima, e só cando florecen se fan ben visibles. Pero teñen o encanto da perfección e armonía de formas e cores, coas que a natureza adoita ser tan pródiga e diversa.

Máis comúns, aínda que non menos fermosas, son as que forman as matogueiras e cobren os cumes como as uces brancas ou rosas, as carqueixas, ou as arandeiras, das que se pode comer o froito.



Xensá (*Gentiana lutea* ssp. *aurantiaca*)



Narcisos (*Narcissus asturiensis*)



*Fritillaria nervosa*



Flor de dente de can (*Erytronium denscanis*)



*Linaria amatistea*



Canón do Sil en Covas



Bolboreta (*Charaxes jasisus*). A eiruga aliméntase de érbedos.

## 31-ENCIÑA DA LASTRA

O Parque Natural de Enciña da Lastra posiblemente sexa un dos menos coñecidos de Galiza. Eu cheguei a esa zona, hai moitos anos, antes de estar protexida, nunha das viaxes ás Médulas e ao Courel. A primeira impresión foi a fugaz visión do canón do Sil entre paredóns de rochas calcarias nun oco entre tuneis e viadutos da estrada do Barco de Valdeorras a Ponferrada. Tentamos buscar un lugar para aproximarnos, pero foi imposible, nin pola parte galega nin pola leonesa. Despois de dar volta descubrimos unha estrada que baixaba a Covas, unha poboación asentada entre o canón, no lugar chamado O Estreito, grandes Penedos calcários, a vía do tren e o encoro de Penarrubia. Desde alí pódese seguir un pouco o río ata o túnel do tren ou a presa, ou pódese subir por camiños aos montes que a rodean. Logo démoslle a volta á serra da Lastra e os Penedos de Oulego pola parte Leonesa ata voltar cara a Oulego e Biobra, nunha paisaxe onde domina a verticalidade dos penedos calcarios coas aciñeiras gabeando por eles ata os cumes.


Nunha mirada máis detallada á Enciña da Lastra, ademais de chamarnos a atención a composición litolóxica de calcárias, pouco común en Galiza, onde abundan as covas e os cavorcos, descubrimos gran diversidade de plantas e animais, moitas por primeira vez.

Esta zona merece unha visita en calquera época do ano. Na primavera ou no verán para descubrir a gran variedade de flores que acolle, entre as que destaca un bo número de orquídeas; sen esquecer o olor a mediterráneo pola gran cantidade de arzaías, estevas e ourego que se atopa polos camiños. No outono polo esplendor e a variedade de cores: o amarelo do arce de Montpellier (única localización galega) ou dos castiñeiros, os vermellos das vides ou o verde gris das aciñeiras.



Penedos de Oulego desde a cara leonesa

## 32-A ACIÑEIRA DE COVAS



Acíñeiras nos Penedos de Oulego



Froito de aciñeira



Detalle do toro

Xa falei das aciñeiras de Cruzul, pero é na zona de Enciña da Lastra e as abas dos montes de Carballada de Valdeorras onde se atopa maior cantidade de aciñeiras e algúns exemplares monumentais, xa que as características mediterráneas do clima, con verán secos e moi calorosos, e as características do terreo, con abundancia de rochas calcarias, sonlle propicias.

A aciñeira é unha árbore perfectamente adaptada a estas características e pode sobrevivir enriba das pedras e en terreos moi secos. É impresionante ver como gabean polos penedos arriba aproveitando as fendas nas rochas calcárias para meter as súas raíces. As que están en terreos máis fondos poden acadar maior tamaño e porte como algunhas das que se atopan en Casaio ou a de Covas, unha das poucas aciñeiras que atopamos en Enciña da Lastra fora do monte. Un exemplar impresionante de máis de catrocentos anos, que se atopa na entrada da poboación.

Como a maioría das árbores senlleiras é respectada pola xente e ten a súa lenda. Segundo contan en Covas debaixo da pedra que está na base do toro hai enterrado un tesouro do tempo dos mouros.



Acíñeira de Covas, o exemplar máis antigo e grande de Galiza. O toro mide 6 m de contorno.



Leira de Pan



Castiñeiro O Mola, co veciño que nos indicou o camiño e nos fixo de guía




Castiñeiro de 9,60 m de perímetro.  
As Necas-Prado da Ponte (Cádavos)

### 33-PENEDO DOS TRES REINOS

É o nome desta rocha que se atopa na confluencia de Galiza, León e Portugal, un penedo que me chamou a atención polo seu nome e que descubrín por casualidade cando andabamos viaxando para facer un traballo sobre os espazos protexidos. Fumos á zona de Pena Maseira e ninguén nos daba información sobre onde era ese lugar. Nos mapas aparecían as serras de Azoreira e Esculqueira cos nomes dos seus picos máis altos. Na primeira viaxe non conseguimos dar con ninguén que soubese onde estaba a Pena Maseira. Pero todos os que atopamos nos mandaban ir ver o Penedo dos Tres Reinos. Dirixímonos alí pensando que era un cumo de importancia. A nosa sorpresa foi atopar un pequeno penedo, no medio dunha zona chan, pero gustounos o nome, o seu significado que fai referencia á historia da Galiza de hai moitos anos, e a valoración que lle dan os veciños da zona.

Volvimos a ir varias veces por esa comarca e por fin, nun bar, alguén soubo dicirnos onde era Pena Maseira, era unha zona de pouca altura coroada por grandes laxes rochosas, preto da Esculqueira. O que máis me gustou deste espazo foi ver aínda searas de pan (como se lle chamou sempre na montaña ao centeo) e soutos impresionantes nos que se atopan algúns dos castiñeiros máis grandes e vellos de Galiza como O Mola de Chagoazoso ou os da Ribeira e O Val, en Manzalvos.



Penedo dos Tres Reinos, a 1.004 m de altura, entre as Serras de Azureira e Esculqueira.

## 34-MANZANEDA



Cumes achairados de Manzaneda



O Macizo Central desde a serra do Courel



Refuxio na Serra do Burgo, aproveitando un penedo granítico.

Cabeza de Manzaneda é posiblemente a montaña máis coñecida e visitada de Galiza, por dispor de servizos para visitas escolares e todo tipo de excursións, e pola estación de esquí.

Eu non fun a Manzaneda por ningunha destas dúas cousas, senón buscando os seus valores naturais e etnográficos, que son moitos. A chamada Cabeza Grande de Manzaneda é o cume da serra da Queixa, unha das serras do Macizo Central, un grupo de aliñacións montañosas de cumes achairados que están rodeadas por profundos vales fluviais (Sil, Camba, Bibei, Limia, Támoga...) e depresións (Maceda e Monterrei). É un macizo que se pode ver, con días claros, desde O Xurés, O Caurel ou Trevinca. E desde as súas alturas podemos dominar unha grande parte da provincia de Ourense en todos os puntos cardinais.

A mellor época para ir a Manzaneda é o inverno para gozar da neve, e se queremos facer camiñadas, a primavera ou o outono para poder descubrir todos os tesouros que agocha: gran variedade de plantas e animais, vales glaciares, poboacións de montaña, fervezas, bosques, vellos castiñeiros, cabanas de pastores... ou simplemente contemplar a impresionantes panorámicas desde distintos puntos.




Manzaneda (1.782 m) desde a serra de San Mamede.



Uz branca



Parte alta do Bidueiral de Montederramo no outono



Morrenas de Chagoazoso, bloques de pedra arrastrados polos glaciares.

### 35-MACIZO CENTRAL

O Macizo Central no seu conxunto e cada unha das serras que conforman (Queixa, san Mamede, O Burgo, Fial das Corzas, Altos de Sami3n, Invernadeiro...) resultan dunha beleza espectacular.

Podemos atravesalo por un cami3o que percorre os cumes desde Manzaneda a Laza, ou visitar cada serra por separado. Cada unha ten os seus tesouros.

Desde os cumes de Fial das Corzas puiden ver os Altos do Sami3n coas lousas descarnadas e retorcidas brillando entre o mato, os cumes de San Mamede, os vales do Chandrexa e os seus afluentes, o val glaciario do Cenza ou os montes do Invernadeiro.

A espectacularidade das vistas compensa a viaxe. Ademais, polo cami3o, segundo a 3poca atopamos as uces e carqueixas en flor, algunha arzaia, e ao baixar a Cerdedelo casti3eiros monumentais. Podemos escoller moitas rutas.

Visitar o Bidueiral de Montederramo, o mellor bosque de bidueiros de Galiza, nas abas da serra de San Mamede, mellor no outono para gozar das cores das follas.

Achegarnos ao Parque Natural do Invernadeiro. Subir por Chagoazoso para ver as morrenas glaciares e visitar os vales do Cenza ou de Lamas-Prado para co3ecer de preto o traballo do xeo no Cuaternario. Percorrer as beiras dos r3os Conso ou Camba, ou seguir o val do Bibei. En calquera lugar que escollamos atoparemos algo que nos sorprender3.



Vista desde os Cumes da serra de Fial das Corzas.



Mato enterrado na neve



Pedras de gran partidas polos cambios de temperatura



Uces en flor na parte baixa. Monte Meda

### 36-VENCENDO Á NEVE

Ao final do inverno rexurde a vida que estaba latente, agochada na terra, entre as pedras, debaixo da neve.

Esta imaxe, feita no alto de Manzaneda, sorprendeume pola súa beleza e tamén polo seu significado. Ver como as flores do *Crocus* se abren camiño na neve, ben semella que a derreten. Os seus delicados pétalos conseguen abrirse, non sen recibir algunha pequena lesión. Eran as únicas flores que atopamos nese comezo de primavera, que na montaña é máis tarde e dura menos. O resto eran rochas partidas en mil anacos polos cambios de temperatura, como amoreadas por alguén, ou plantas enterradas no xeo que non eran aínda quen de rexurdir.

Mentres, na parte baixa facía calor e todo estaba moito máis adiantado. As árbores xa tiñan as primeiras follas, os montes estaban cubertos das flores das carqueixas, as uces e as xestas que os tingúan, segundo o lugar, de branco, amarelo ou rosa.

Outra das riquezas da montaña, a posibilidade de gozar, nun mesmo día, de varias estacións, de distinto clima e tamén de toda a diversidade de detalles e esceas que eso trae consigo.



*Crocus serotinus* en Manzaneda





Castiñeiros de Quintela de Catasós.  
Lalín



Castiñeiro de A Regadiña en Mendoia, moi próximo a Manzaneda



Castiñeiro de Pumbariños

### 37-CASTIÑEIROS MONUMENTAIS

As árbores pasan por seren os máis grandes e lonxevos dos seres vivos (aínda que hai fungos máis grandes). Son ademais fonte de osíxeno e recursos varios, de lecer e elementos decorativos.

En Galiza forman parte importante da paisaxe e da economía. E ningunha árbore é tan representativa desa multifuncionalidade como o castiñeiro que proporciona madeira para construír ou para empregar como combustible, alimento para as persoas e os animais e soporte para os cogomelos.

Os primeiros castiñeiros monumentais que coñecín, hai máis de trinta anos, foron os de Quintela de Catasós, en Lalín, declarados pola FAO en 1954 (ano do meu nacemento) os de fuste máis alto de Europa, de ata 35 m de altura, e considerados tamén Monumento Natural.

Máis tarde, nunha das viaxes a Manzaneda coñecín o Castiñeiro de Pumbariños no Souto de Rozabales, cecais o exemplar monumental máis coñecido en Galiza. É o castiñeiro de maior perímetro no toro, con 12 m, e conta con máis de cincocentos anos.

Ao seu carón sénteste pequena, míralo con respecto e pensas nas historias que podería contar, ou todo o que o que se faría coa súa madeira, a canta xente alimentarían as súas castañas... Pero sobre todo gozas vendo a súa estrutura sólida, as ponlas retorcidas e os innumerables recunchos que se forman entre os seus nós.



Castiñeiro de Pumbariños (Manzaneda). Foi declarado Monumento Natural en 1995.

## 38-AUGA E PEDRA



Fervenza na Ola no río Pontón, un afluente do Mente



Fonte aproveitando un sartego primitivo como pía (Guntín)

Por calquera parte que vaias, sobre todo entre outono e primavera, atopas un curso de auga, grande ou pequeno, de discorrer maino ou bravío.

Pero en ningún lugar se fai tan atractiva a auga como en combinación coa pedra. A auga traballa na pedra, lentamente, pero de xeito eficaz. Domina á pedra e vaina modelando, creando formas, grandes ou pequenas, pero sempre fermosas.

Nas canles dos ríos canóns, tobogáns, fervenzas, túneis, pilancóns...

A pedra fai cantar a auga, dalle vida, e o seu murmurio sempre nos atrae.

Cando escoitamos unha fervedeira a carón dun río sentimos curiosidade e achegámonos por ver o que hai e sempre nos atopamos cun lugar cun encanto especial.

Pero o ser humano aprendeu tamén a empregar a pedra para deter ou controlar a auga.

Constrúe presas e caneiros para contela, levadas e regos para desviala e dirixila aos campos e aparellos. Deseña fontes para guiala. Protéxese dela construído refuxios e vivendas de pedra e levanta pasais, pontellas e pontes para atravesala.



Pontella no río Casteligo, un afluente do Navea, na aba das serra da Queixa.

## 39-O INVERNADEIRO



Vista dunha parte do salto do Cenza



Río Conso

A serra do Invernadeiro é unha das que forman parte do Macizo Central. Podes percorrela libremente por fóra, polo camiño de Pradorramisquedo e As Edradas, seguindo o río Conso, ou visitar o Parque Natural, para o que é preciso solicitar o correspondente permiso á Consellería de Medio Ambiente.

A mellor época para facer esta ruta é a primavera, para gozar do verde fresco, da auga e das flores.

Por todo o camiño que segue o río Conso percorremos a aba nordés da serra e, desde o alto, caen cada pouco regatos que se precipitan polas paredes case verticais de lousas. Abaixo, no pouco terreo chan que hai no fondo do val, o río serpentea entre prados e fileiras de árbores, e a media ladeira empoleiranse as casas en grupos apretados.

Se nos desviamos seguindo o río Conso atopamos o Cenza (preto de Vilariño de Conso) que baixa da Serra da Queixa e precipítase nun salto de máis de cen metros de altura, formando a ferverza máis alta de Galiza, aínda que co caudal moi minguido polo encoro que retén ao río máis arriba, e estragada na súa metade pola escombreira dunha canteira.



As Hedradas, nas abas da serra do Invernadeiro

## 40-OUTONO PASADO POR AUGA

Visitei moitas veces o Parque Natural do Invernadeiro, por pracer ou para facer fotos para algún dos libros. A última vez, cado estabamos a facer o libro dos Espazos Naturais de Ourense solicitei permiso para achegarme á zona de Reserva Integral, no Fieiro, onde hai unha importante ferverza e carballos de moita idade e porte. Despois de moitas solicitudes, chamadas e xestións denegáronme o permiso.

Decidimos ir igual, visitar só a zona autorizada e facer unha ruta. Pero, despois de tantas voltas e aprazamentos, fomos dar cun día de chuvia e totalmente cuberto de néboa. Canto máis nos achegábamnos desde Verín, onde fixéramos noite para aproveitar mellor o tempo, máis se cubría e máis chovía. A decepción era enorme, pero decidimos seguir e achegarnos co coche ata a zona das instalacións do parque. Alí aparcamos e esperamos agardando un escampo sen atrevernos a saír. Ao pouco apareceu o garda, acompañado dun amigo e contámoslles por que estabamos alí. O encontro foi do máis afortunado, ofrecéronse a pasarnos eles as fotos, sobre todo de animais e das zonas menos accesibles, co que nos salvaron o capítulo do libro e o día. E ademáis déronnos información sobre outros sitios interesantes que non coñeciamos. Esta foi unha desas moitas ocasións nas que coñeces persoas ás que nunca lles darás agradecido a súa colaboración desinteresada.

Logo decidimos mollarnos e dar un paseo. O resultado non puido ser mellor, para mostra as imaxes que ilustran estas páxinas. A auga caía por todas partes e resaltaba unha infinita gama de cores de outono nas árbores e nas follas do chan. Son unhas fotos ás que lles teño un cariño especial, e cada vez que as contemplo, nas paredes da miña casa, recordo con agarimo esta viaxe, que comezou mal e rematou sendo marabillosa.



Mosaico de cores



Ra vermella



Reboleira



Barbas de frade




## 41-LIQUES. EXPRESIÓN ARTÍSTICA PURA

Desde sempre sento pasión polos deseños dos liques, coñecidos en galego como nomes moi expresivos que van desde tona da pedra a barba de frade.

Admírame a súa capacidade de supervivencia en calquera lugar. Nas rochas, nas tonas das árbores, nas paredes, nas tellas das casas, no formigón, na madeira, nos cumes máis altos e ao pé do mar. A súa diversidade de deseños é infinita: en placas lisas ou costras rugosas, en formas filamentosas, tubulares, de copa, de estrela. E a variedade de cores que podemos atopar vai desde o negro ou o branco puro ata os amarelos, laranxas ou vermellos máis vivos. Forman composicións plásticas nas que se podería inspirar calquera artista ou deseñador.

Pero a pesar da súa aparente dureza e resistencia teñen o seu punto de debilidade. Son moi sensibles á contaminación do aire. Por iso, a súa presenza é moitas veces un bo indicador da calidade ambiental dun lugar.



Tona de pedra

## 42-AS NUBES



Nubes de tormenta na serra do Faro



Nubes desde o cumo do Pindo



Néboa nas Torres do Oeste. Catoira

As nubes son as formas e as cores que visten o ceo. Efímeras, fugaces, variables, que se fan e se desfán case nun suspiro. Xoguetes do vento, a capricho da temperatura, unhas brandas, ledas e luminosas, outras temibles, escuras e ameazadoras. Ás veces desexadas, para que deiten o seu valioso contido de auga e fertilicen campos e refresquen o ambiente. Outras veces aborrecidas, pola súa persistencia. Ás veces estráganche unha viaxe, despois de camiñar moitas horas para subir a un cumo, só as ves a elas, tapando todo. Outras, compensa a viaxe só pola súa contemplación. Góstame contemplar e fotografar as nubes cando debuxan figuras curiosas no ceo, cando semellan un mar que cobre o fondo dos vales, cando ameazan tormenta e fan do día noite ou cando, no mencer ou no solpor descompoñen a luz en múltiples cores.



Nubes sobre a serra de San Mamede



Cogomelo de Coresma ou colmeiña (*Morchella esculenta*).



Diferentes deseños de fungos da madeira.

## 43-OS COGUMELOS. DESEÑOS DE FORMAS E CORES.

Os fungos, seres estranos, misteriosos, que xorden case de repente e desaparecen deseguida. Asociados tradicionalmente a seres escuros "pans de sapo", "pans de cobra", e recentemente nun país, en grande parte micófono, á gastronomía, grazas aos cambios nos usos e costumes.

Nin todos se poden comer, nin todos son tóxicos; e moitos aínda non son ben coñecidos. Pero forman parte dun conxunto sorprendente de seres imprescindibles para a boa marcha do planeta. Son fungos os lévedos que permiten facer o pan e o viño, os que maduran os queixos, os que limpamos os bosques de residuos orgánicos, os que axudan ás plantas a conseguir máis nutrientes. Tamén son fungos os que castigan as viñas, as froitas ou o noso corpo.

Hainos que se desprazan e se transforman case maxicamente. Hai poucas cousas tan chamativas e que pasen tan desapercibidas ata que se descubren como un grupo de amanitas entre as follas de outono. Tampouco hai algo máis indiferente como os fungos da madeira ata que se miran de preto. Podemos atopar entre eles todas as cores, deseños e texturas imaxinables, desde os cogumelos máis grandes, ata os mofos máis pequenos.



Rebentaboís (*Amanita muscaria*). O seu nome galego é moi clarificador.

## 44-A LIMIA


Despois de visto todo que que aparece ata esta páxina poderíase pensar que en Galiza todo é montaña. Non se estaría moi desacertado, xa que a maior parte do territorio é unha sucesión de montañas e vales, agás algunha chaira, como a Terra Cha de Lugo ou depresións como A Limia, o val de Monterrei, Maceda ou As Pontes. A Limia é un lugar emblemático para os naturalistas. Acolleu, ata que a desecaron en 1958 para facer terreos de cultivo, a maior lagoa de España, a lagoa da Antela, con 9 km de lonxitude, 5 de ancho e 3 m de profundidade media. Nos tempos de agora non se lle ocorrería a ninguén levar a cabo semellante transformación no medio natural, e menos aínda nun medio con tan alto valor ecolóxico.

Se contemplas a Limia desde calquera das elevacións que a rodean ves unha chaira uniforme atravesada por unha canle rectilínea na que encerraron ao río Limia e, segundo a época do ano, un mosaico xeométrico de grandes parcelas de terra labrada, cuberta do verde das patacas ou do dourado dos cereais do verán.

A pesares de todo isto, A Limia conserva áreas dun grande interese ecolóxico, no pouco que queda da lagoa, no río canalizado e nas veigas que están nas áreas máis baixas, por Ponteliñares. Alí podemos atopar unha grande variedade de plantas acuáticas e, sobre todo, unha rica e variada fauna, en especial insectos, anfibios e aves.



A Limia



Canle do Limia no Verán



Cegoña



Arco da vella na Limia.





Ponla de piñeiro



## 45-XEADA

Unha mañán de outono: madrugón, néboa e frío. Unha cita previa en Lalín fíxome erguer antes da hora e botarme á estrada aínda de noite. Xa facía frío ao saír, e ao ir achegándose ao interior as luces xa facían ver o que nos agardaba. O termómetro do coche baixaba e baixaba, e a luz do día descubriu todo cuberto de branco. Rematada a visita, con todo o día por diante, aproveitando que xa estaba na metade do camiño e que quería facer unhas fotos da carballeira de Santa Sabela, á beira do río Miño en Outeiro do Rei; agardando que o día mellorase a medida que o sol gañaba forza continuamos o camiño.

Na altura de Monterroso a néboa cedeu e puxo ao descuberto toda a beleza das formas da xeadada. O resultado do xogo do vento, o frío e a humidade sobre as ponlas, os arames, as follas, as arañeiras...

Unha ocasión que non podía deixar pasar. As imaxes son o resultado dunha parada á beira da estrada.



Bidueiros xeados



Colleita mecanizada de patacas na Limia



Apañando tomates nun invernadoiro do Salnés



Envasando grelos no Rosal

## 46-TRABALLANDO A TERRA

A paisaxe galega está intensamente humanizada. Case non hai recuncho, desde a costa ata as montañas máis altas, onde os homes e mulleres labregos non tentasen sacar proveito da terra, transformando o medio natural para facelo máis apto para o desenvolvemento das plantas de utilidade. A gran dispersión da poboación fai que haxa moi poucos espazos libres da intervención humana, e cada terreiro, cada cultivo, ou cada forma de traballar a terra conforma unha paisaxe diferente. Desde os amplos prados das montañas ou das chairas, ata os mínimos terreos dos socialcos dos canóns do Miño, do Sil ou do Bibei. Nun percorrido por calquera parte do país é raro que non me atope coa coexistencia ou convivencia dos xeitos máis tradicionais e primitivos, típicos da agricultura de subsistencia, cos máis modernos sistemas de traballo mecanizados ou intensivos. Cando viaxo gústame ver o que fai a xente e comprobar (ou probar) o resultado do seu traballo. Gústame mesturarme con eles cando están sementando, ou facendo a colleita, cando podan ou vendiman, preguntarlle por un aparello ou un procedemento, e visitar as instalacións, tradicionais ou modernas nas que ao fin transforman os produtos. Como se plantan ou apañan as patacas na Limia, como se cultivan hortalizas nos invernadoiros dos Salnés ou flores nos do Rosal, como se cultivan cogomelos en Pontevedra, como se fai o viño, ou un queixo, ou como se envasan os grelos, os cogomelos ou os pementos. En fin, gústame saber como traballan os meu paisanos e paisanas e contribuír a que o que fan sexa máis valorado. É tamén probar o resultado do seu traballo.




Sementando patacas na Limia

## 47-CANÓN DO SIL

Un dos lugares de Galiza máis coñecidos e fotografados, pero non por eso deixan de ter un atractivo especial. Atractivo estético, pola espectacularidade das paisaxes, o contraste de cores entre as rochas espidas e o verde ou ocre das plantas, segundo a estación, a atractivo natural polo que representa na historia xeolóxica do país, polo que nos conta das forzas tectónicas que elevaron o territorio e como o río foi quen de abrirse camiño nas duras rochas.

A parte do río coñecida como Canón do Sil é o tramo de 65 km que vai desde o encontro co Lor en Augasmestas ata a desembocadura no Miño, nos Peares, onde o río se encaixa entre pedras de gran e xistos acadando nalgúns zonas 500 m de altura. Nesa zona hai puntos panorámicos onde todos paramos a facer máis ou menos as mesmas fotos, pero hai moitos máis tramos interesantes no Sil. Percorremos todo o río, desde o seu nacemento nos picos de Europa, na súa entrada en Galiza entre as verticais paredes calcarias de Enciña da Lastra, pasando polo tramo encaixado de Carballeda de Valdeorras, as rañas de Valdeorras e A Rúa e o Canón que vai desde Augasmestas ata os Peares. Cada tramo ten o seu encanto. Podes velo desde as beiras ou viaxar nalgúns tramos en embarcacións, pero desde calquera punto resulta impresionante. E se temos tempo podemos achegarnos a coñecer tamén os cavorcos e canóns dalgúns afluentes como o Edo, O Mao ou o Cabe.



Canón do Sil en Covas,  
na súa entrada en Galiza



Canón do Sil en Nogueira



O canóns desde os Balcóns de Madrid



Vista desde Cabewzoás


## 48-ESPELLOS NO LOR



Augasmestas. Inverno



Confluencia do Sil e o Lor



Río Sil

En moitas das saídas cara ao sur de Ourense coincideunos pasar pola estrada que pouco despois de pasado Monforte segue primeiro o curso do Lor e despois o do Sil ata A Rúa. E sempre facemos unha parada en Augasmestas para estirar as pernas e dar un paseo.

É unha zona de augas mansas, onde o Lor, pouco antes de xuntarse co Sil, queda atrapado no encoro de Santo Estevo. Os ríos aquí semellan lagos e as árbores reflíctense no espello da auga coma se fosen clons. Cada día é diferente, cambian as cores en función da estación, do estado do ceo ou do tempo, ou da hora do día.

Ademais de gozar da paisaxe acuática, este lugar é un punto interesante para facer paseos pola beira de calquera dos dous ríos. Polo camiño, seguindo a estrada, podemos ver varios pregamentos nas paredes verticais que rodean primeiro o Lor e despois ao Sil.



Augasmestas.Primavera.

## 49-RIBEIRA SACRA. VIDES E FRAGAS



Vide en Cristosende



Raíles para subir ou baixar as uvas



Mosteiro de Santa Cristina  
(Parada de Sil)

Nas zonas onde as paredes do canón deixan de ser de rochas verticais e onde hai algo de terreo aproveitable, o duro traballo dos viticultores durante séculos foi creando pequenas parcelas facendo socalcos e contendo o terreo con muros para cultivar nelas as vides, aproveitando as ladeiras máis asolladas.

Na outra banda do río, que mira ao norte, onde é case imposible o aproveitamento agrícola, consérvanse fragas onde se mesturan carballos, castiñeiros, pradairos, bidueiros, freixos ou salgueiros, e que no outono están en todo ou seu esplendor de tonos e matizes.

Hai anos, moitas destas plantacións estaban practicamente abandonadas. Nos últimos tempos vanse recuperando, sobre todo desde que se creou a Denominación de Orixen Ribeira Sacra que contribuíu a revalorizar uns viños de gran calidade e a darlle máis saída nos mercados.

O nome de Ribeira Sacra venlle desde hai moito tempo, pola cantidade de igrexas e mosteiros que hai nas beiras do Sil e do Miño, testemuñas dunha época próspera na que os mosteiros eran o centro da economía agraria.



Canón do Sil baixando pola estrada de Doade a Castro Caldelas

## 50-O MIÑO



Auga abrollando na lagoa de Fonmiñá.



Lagoa de Fonmiñá

Sobre o Miño tense falado e escrito moito, por algo é a canle principal a onde van a maioría das augas do país. Percorrelo, desde que nace na serra de Meira, ata que morre no Atlántico, ao pé de A Guarda, pode ser motivo de moitas viaxes e inspiración para moitas fotos, e moito máis se contemplamos toda a rede de afluentes e subafluentes que vai recollendo no seu camiño, primeiro de norte a sur, e despois cara ao oeste. Ten zonas de discurrir maino e silencioso, onde vai anegando terras e formando veigas e lagoa; noutros lugares encáixase e escava impresionantes canóns, e noutros, os seus sedimentos forman praias e illas. En todos eles bule a vida.


O comezo obrigado da visita ao Miño é unha das súas fontes entre os penedos do Pedregal de Irimia, lugar simbólico por ser o nacemento do río, pero tamén de grande interese xeolóxico pola característica formación de bloques de cuarcita que quedaron depositados pola aba oeste da serra de Meira en tempos en que o clima foi moi diferente, nos períodos de xeo e desxeo entre as glaciacións do Cuaternario. E de alí temos que ir á lagoa de Fonmiñá, onde unha surxencia entre rochas calcárias incrementa o caudal do Miño nunha contorna natural de grande valor ecolóxico e no que podemos gozar dun bo paseo.



As primeiras augas do Miño no Pedregal de Irimia.



O Miño debaixo da ponte medieval de Rábade.



Ambroíño enano (*Nymphoides peltata*), unha planta en perigo de extinción que só se atopa en Galiza nalgúns lugares do Miño.



Lagoa de Cospeito. Recibe as augas do río Guisande e desauga no Támoga, un dos principais afluentes do Miño na Terra Cha.

## 51-TERRAS DO MIÑO

Na Terra Cha o Miño discorre maino, enredándose en cada volta, formando meandros e enchoupando, cando non asolagando, nas enchentas as veigas dos arredores.

No camiño recolle as augas dos ríos que baixan do Xistral, da Dorsal ou da serra do Miradoiro, formando entre todos, un entramado de canles de auga e lagoas entre os que a vida vexetal se nos presenta exuberante e diversa.

No Miño e os seus afluentes, e nos máis de 53 humidais que se forman na Terra Cha, podemos atopar unha grande variedade de plantas pouco comúns como o ambroíño enano, os isoetes, varias especies de narcisos ou o cardíño de lagoa; e animais de interese como o mexillón de río, varias especies de cabaliños do demo e gaiteiros, anfibios e, sobre todo, aves acuáticas.

Nas Veigas de Pumar, entre Rábade e as Illas de Cela ou en Outeiro de Rei podemos gozar do río en toda a súa riqueza, facer paseos e botar moitas horas facendo fotos.

En Santa Sabela, ao pé da carballeira, onde o Miño recibe ao Ladra, foi un dos primeiros lugares onde entrei en contacto co río nestas terras. É un lugar que me trae min moitos recordos, da primeira vez que fun e aínda vin traballar o muíño, do primeiro descubrimento dos ambroíños enanos ou das barcas tradicionais, das mañáns de outono con néboa, e sobre todo dunha persoa moi querida á que tamén lle gustaba este lugar, o poeta que mellor cantou a Terra Cha, Manuel María, a quen vin por primeira vez na oleiría de Indalecio Lombao, en Bonxe.



O Miño en Santa Sabela, remansado polo caneiro do muíño.



Ínsua de Seivane



O Miño nun dos brazos que rodean a ínsua de Seivane



Caneiro en Gondai

## 52-CANEIROS E ÍNSUAS

As augas do Miño foron empregadas para facer funcionar todo tipo de mecanismos, moi importantes nos tempos nos que non había outras fontes enerxéticas. Construíronse caneiros para desviar a auga para poder pescar e para facer funcionar muíños, mazos, batáns e, máis recentemente, as chamadas “fábricas de luz”.

Ata que o río queda aprisionado no enorme encoro de Belesar, son numerosos os caneiros que nos ofrecen fermosas paraxes naturais, de augas calmas, ou con rápidos, fervezas e pozas.

Un destes lugares é o Caneiro de Piago en Outeiro de Rei, onde o río se encaixa lixeiramente en rochas graníticas e, ademáis da ferveza artificial formada pola presa, podemos atopar recunchos entre as laxes nos que as augas forman túneis, pilancóns ou pequenas fervezas.

Tamén podemos visitar as numerosas illas ás que se pode cruzar para pescar ou gozar dun paseo pola natureza seguindo os sendeiros dos pescadores ou onde hai rutas sinalizadas. Unha destas ínsuas con encanto especial é a de Seivane, á que se accede por unha ponte colgante. Podemos percorrer todo o seu contorno e ver todo tipo de plantas e animais acuáticos, ou internarnos no fermoso bosque onde, mesturados con salgueiros, freixos, pradairos ou amieiras, se atopan exemplares de carballos de grandes proporcións.



Caneiro do Piago.






Barca tradicional para a vendima



Cabo do mundo na primavera



Fervenza de Augas Caídas, en Marce

## 53-CANÓN DO MIÑO

E as augas do Miño quedan atrapadas nos encoros, un detrás doutro, deste preto de Portomarín ata Crecente, toda unha sucesión de grandes encoros e presas interrompen o discorrer das augas e transforman o ambiente.

De todo este percorrido o tramo que visitei máis veces é a zona coñecida como Canón do Miño, na Ribeira Sacra, entre Belesar e Os Peares. Pódese percorrer pola marxe dereita e pasar polos socialcos de Belesar, por bosques de sobreiras e erbedos, soutos, a fervenza do río Fondón, os penedos de Graúllo ata chegar á desembocadura do Bubal.

Ou pola marxe esquerda entre adegas e viñedos ata chegar ao Cabo do Mundo, unha vista espectacular sobre unha volta completa de forma o río arredor do monte do Navallo. Tamén podemos achegarnos a Marce, e por un camiño moi pendente que descende polas ladeiras do canón, ir ata a fervenza de Augas Caídas, unha das máis fermosas e descoñecidas de Galiza. Podemos achegarnos a ver algunha das numerosas igrexas da ribeira onde podemos coñecer xoias do románico e algunha pintura mural.

No outono podemos gozar da mestura das cores das viñas e das diferentes árbores do bosque, no inverno das abundantes fervenzas que caen ao Miño polas abas das paredes do canón, na primavera das flores das cerdeiras e das numerosas flores que aparecen no camiño, e no verán do verdor que o cobre todo.

E sempre admirar o traballo das persoas que con pacencia e tesón modelan a montaña para fabricar as pequenas leiras onde cultivar as vides coas que farán o excelente viño da Ribeira Sacra.



Primavera en Belesar

## 54-O GOCE DA AUGA



Burgas de Outariz



Surxencias de augas termais no río Miño

Nada mellor para facer unha viaxe redonda que comezar ou rematar o día nunha poza de auga termal ou nun balneario.

Deixar que a auga acariñe o corpo canso e que a calor penetre ata os osos facéndonos sentir lixeiros e relaxados, que purifique a nosa pel e dilate as vías respiratorias.

Podemos achegarnos ás augas termais a tentar mellorarnos dalgunha doenza ou simplemente por gozar dun momento de relaxación.

O territorio galego é pródigo en lugares onde facelo, en instalacións tradicionais ou modernas, ou en directo nas pozas e mananciais: A Toxa, Guitiriz, Baños de Molgas, Castro Caldelas, Caldas de Reis, Cuntis, Lobios... Pero ningún lugar ten o atractivo dos numerosos centros termais que hai en Ourense ao longo do río Miño, onde podemos combinar paseo e baño nas Burgas da Chavasqueira, A Acea ou Outariz.



Fonte das Burgas en Ourense

## 55-O MIÑO ATOPA O MAR



Pescador de lampreas



Pesqueira para lampreas



Carocho

Desde o último encoro, en Crecente, ata a Guarda, o Miño circula libremente, so obstaculizado polas numerosas illas que formou no tramo final do seu curso, debido ao propio relevo ou pola acumulación de sedimentos (illas areentas chamadas ariños); ou polas construcións para a pesca da lamprea. Podemos percorrer numerosos treitos por paseos, seguindo o río encaixado, nun fermoso canón, nas Neves, ou os tramos máis baixos en Crecente, Arbo, Salvaterra, Tui, Tomiño O Rosal e A Guarda. Desde os moitos miradoiros que hai na beira portuguesa (Vilanova de Cerveira, Camiña) ou galega (A Paradanta, San Nomedio, Aloia, Niño do Corvo, Tegra) podemos contemplar panorámicas do esteiro e a desembocadura desde todos os puntos de vista, e se o día o permite facer boas fotos.

O Baixo Miño dá para moito. A súa riqueza natural, histórica e etnográfica ofrécenos múltiples posibilidades.



Vista do esteiro do Miño dese o Niño do Corvo. As plantación de albariño do Rosal e o monte Tegra poñendo o punto e final ao río.



Ponte romana sobre o Bibei no Larouco, en Ourense



Pontella de madeira sobre o Lor, no Courel



Pasal no río Tea en Mondariz

## 56-DEZ MIL FORMAS DE PASAR OS RÍOS

No país dos “mil... dez mil...”, ou cantos? ríos, e cunha poboación tan pouco vertebrada, existen dez veces máis lugares por onde os ríos deben ser cruzados e a xente creou moitas e axeitadas formas de facelo: portos, barcos, pasais, poldras, pontellas e, por suposto, pontes, que no lugar máis inesperado poden sorprenderte pola súa antigüidade, sinxeleza, armonía ou valor artístico.

As pontes son á vez obxectos úteis e fermosos, exemplos de fortaleza, resistencia, equilibrio e utilidade. Aínda que a aparición das grandes estruturas forxadas e os prefabricados simplificaron moitísimo a súa construción, uniformizaron, pola contra o seu aspecto. Pero aínda se realizan construcións que conservan e inclúen todas as características destas obras. Unha delas é a Ponte do Milenio de Ourense que, ademais de reunir todas as cualidades indicadas anteriormente, engádelle un novo aspecto, a utilidade lúdica. O paseo que acolle no anel que a circunda permite percorrela, contemplala e gozala desde moitos puntos de vista e ofrece, á súa vez, fermosas panorámicas do río e da cidade.



Ponte do Milenio. Ourense.



Interior do muíño do Burato. Allariz



Muíños e ferverza do río Barosa (Barro)



Batáns do Mosquetín (Vimianzo)

## 57-A FORZA DA AUGA

Sempre sentín unha especial atracción pola tecnoloxía popular. Admírame descubrir as múltiples solucións e variantes que cada construtor ou usuario vai facendo para resolver as súas necesidades ou ir adaptando un mecanismo ou estrutura a cada caso concreto.

A auga é unha fonte de enerxía moi abundante por todo o país, e sempre estivo ahí, a disposición de quen a quixese aproveitar. Simplemente para desprazarse, ou para mover todo tipo de mecanismos cos que moer cereais, mazar tecidos ou febras, trillar o liño, laminar metais, afiar ferramentas, traballar a medira, espantar paxaros ou producir enerxía eléctrica.

En calquera río ou regato atopamos algún muíño ou grupos deles, e por toda Galiza milleiros de variantes, desde os máis simples cun rodicio e unha moa, ata os grandes muíños industriais do Río Miño. Nas zonas onde se traballaba o ferro (O Courel, O Incio, Riotorto, A Pontenova ou A Fonsagrada) aínda se conservan mazos e mecanismos de afiar as ferramentas. Máis raros de atopar son os batáns, que foron moi empregados noutros tempos para mazar os tecidos ou os mazos do liño e das fábricas de papel.

Houbo un tempo no que a forza da auga empregouse practicamente para mover todo tipo de mecanismos, artesanais ou industriais. Hoxe case todos estes elementos, moitos restaurados, e algúns en condicións de funcionamento, forman parte do noso patrimonio etnográfico e histórico. Algúns completan o seu encanto coa súa situación en lugares naturais excepcionais.



Muíños do Folón (O Rosal). Un conxunto de 36 muíños encadeados de xeito que a auga que sae de un é aproveitada polo seguinte.

## 58-AUGA PARA PRODUCIR ENERXÍA ELÉCTRICA

A enerxía que antes moveu tantos e variados mecanismos, hoxe case só se emprega para producir enerxía eléctrica, e nos ríos galegos temos moitos exemplos disto, nalgúns lugares máis dos que nos gustaría, e noutros posibelmente máis dos que os nosos ríos poden soportar.

É raro facer unha ruta ou un percorrido por un río sen atopar unha grande central eléctrica ou unha minicentral, que constitúen, na maioría dos casos, barreiras infranqueables para calquera animal que tente remontar a corrente. Somos uns grandes produtores de enerxía hidroeléctrica, pero a costa de pagar un grande custo ambiental e social. Algúns ríos, como o Sil e os seus afluentes, están tan saturados de encoros que é difícil atopar tramos libres deles.

Como parte da nosa realidade tamén visito os encoros e presas, unhas veces para facer algúns traballos, e outras casualmente ao pasar por unha ruta. Adoito retratalos para expresar a súa enormidade, o seu impacto, ás veces aproveito para recoller algún pequeno detalle que os “redima” que poida resultar agradables como a auga esbarando por unha pequena presa ou unha escada para os peixes ben construída, cousa que non é moi comun.



Os Peares, no río Miño



O Verdugo no Inferno



Escada para os peixes nunha minicentral do río Ourille, afluente do Arnoia



Presa no encoro das Portas, no río Camba, afluente do Bibei.

## 59-O XURÉS

Co nome de Xurés (Gerês en Portugal) coñécese un amplo espazo natural que abrangue as serras da Pena, o Pisco, O Xurés, Santa Eufemia, Quinxo, Queguas e Leboreiro, terreos que inclúen o LIC, o Parque Natural e a Reserva da Biosfera "Baixa Limia-Serra do Xurés".

A serra do Xurés é unha cadea de montañas graníticas, agrestes, escarpadas e aparentemente espidas. Esa foi a primeira impresión que recibín ao vela de lonxe, sobre todo iluminada coa luz da tarde que acentúa, se cabe aínda máis, o seu aspecto e resalta a textura das rochas.

Pero para coñecela en profundidade precísanse moitos días. Hai que andala, facer camiñadas polos vales dos ríos, polos camiños dos cumes, sempre por terreo encosta e cunha certa dificultade.

Na miña primeira visita ao Xurés, hai moitos anos, percorrín no coche moitos camiños, cando aínda non era Parque Natural e se podía circular polas pistas do monte. Despois, todas as veces, dediqueime a camiñar, e aínda me queda moito por percorrer.

Na primeira ruta de longa duración (levounos case todo o día) subimos todo o val do río Vilameá ata a Mina das Sombras, na base do pico máis alto da serra, o Altar dos Cabrós. Un día de xullo no que a temperatura superou amplamente os trinta graos. Foi esgotador e espectacular, todo un museo xeolóxico do glaciario: a forma do val, as morrenas, as pegadas do xeo nas rochas...; os cumes con grandes penedos graníticos, as fervezas e pozas ao longo de todo o río. E a cada paso unha planta ou un animal chamaba a nosa atención, o que nos servía de desculpa para un pouco a facer fotos e descansar. Todo eso completado coas vistas panorámicas sobre as outras serras e o val do Limia. Mereceu o esforzo e a queimadura.

Outros camiños lévannos aos cumes dos Pitoes (nome que lle dan en Portugal aos penedos aguzados da parte leste), á Corga da Frecha, a Salgueiros ou á carballeira da Barxa, e se non queremos subir moita costa podemos seguir o val do río Caldo.



Alto da Portela e Fontefría



Val do río Vilameá



Chivana de pastores



Corga da Frecha, nun afluente do río Caldo. Salva varios saltos cun total de 200 m de altura en rochas graníticas.



Acereiro (*Prunus lusitanica*), única localización en estado silvestre en Galiza



*Armeria humilis*, especie endémica do Xurés



Cardo do Xurés (*Eryngium durieui juresianum*)

## 60-XOIAS DO XURÉS

Unha das maiores riquezas do Xurés é a gran diversidade botánica por atoparse nunha zona de transición entre as áreas mediterránea e atlántica, pola gran diferenza de alturas entre as distintas partes e polo illamento de algúns enclaves, o que determina a aparición de ecosistemas e hábitas moi variados, e con eles, unha grande biodiversidade. Aquí viven moitos endemismos, a maioría difíciles de atopar, a non ser que te dediques a facer rutas polos sendeiros da montaña.

Fumos varias veces ao Xurés na procura dunha do lirio, unha especie que so hai alí. Quería coñecerlo e facerlle fotos, pero non din con el, ou ben porque non acertaba co lugar axeitado, ou porque non atinaba coa época da floración, único momento no que se fai claramente visible.

O último ano calculamos ben a época de floración (finais de maio e comezos de xuño) e fomos decididos a non voltar sen ter atopado un lirio. Era unha teima especial, por ser unha das miñas flores preferidas, das que me atrae tanto a forma como a combinación de cores. Procurei a información máis detallada posible, no Centro de Interpretación do Parque e coa axuda dos gardas e, despois de moita insistencia, conseguín averiguar, máis ou menos por onde podía atopalos. Despois de solicitar o preceptivo permiso, xa que se pasaba unha área de Reserva Integral, encamiñámonos monte arriba. Percorremos toda a ruta que nos recomendaron e fomos aínda máis alá. Ao remate decidimos dar volta convencidos de que aquel tampouco era o noso día. Pero antes de facelo achegámonos a un penedo desde o que había unha boa vista da carballeira da Barxa, coa idea de ver a panorámica e sacar unhas fotos. E... casualidade, alí, a carón dos penedos e á sombra dun pequeno carballo estaba o tesouro tantas veces buscado. A satisfacción foi indescribible e por fin puiden ver, gozar e fotografar o lirio. Foi o único lirio do Xurés que conseguín ver e retratar, polo momento. O lirio do Xurés é unha planta, que aínda que semella ter un aspecto vulgar e aparentar de sobra coñecido, polo seu parecido cos lirios cultivados, é un símbolo, unhas desas xoias botánicas que están en grave perigo de extinción.



Lirio do Xurés (*Iris boissieri*). Especie endémica do Xurés.





Vacas cachenas, unha raza autóctona galega que se cría en Olelas



Flores de cardo mariano



Outeiro de Pena Gache (1.226 m), un dos cumes máis coñecidos e de maior interese do leboreiro

## 61-OS LINDES CON PORTUGAL

Desde a confluencia do río Castro Leboreiro co Limia, ata a do Barxas co Miño esténdense unhas serras pouco coñecidas, pero que acollen importantes valores naturais, históricos e etnográficos. Son as serras do Quinxo, Queguas e Leboreiro, nas que se poden facer moitos percorridos en coche, en bicicleta ou a pé e gozar das amplas panorámicas sobre toda a comarca da Baixa Limia, Terras de Celanova, Castro Laboreiro e A Pena, en Portugal, e se está o día claro, ata as serras de San Mamede e O Faro.

Hai amplos cumes suaves, onde case non se distinguen os picos máis altos, agás polos vértices xeodésicos ou polos marcos de fronteira numerados, que lle serven aos paisanos para identificalos, así o Codesal, o cumo máis alto da serra (1.334 m) é coñecido na zona como o nº 31. Noutras partes, como no Quinxo, en Queguas ou en Pena Gache, destacan os enormes penedos graníticos sobre a paisaxe.

No camiño podemos percorrer o canón do río Castro Leboreiro, ver as vacas cachenas de Olelas, as mámoas e cabanas de Queguas, as fervezas dos afluentes do Deva, os castiñeiros centenarios de Abeleira, algunhas pontes medievais e fermosos pobos de montaña. E en cada recuncho unha planta o un animal que, de seguro vai chamar a nosa atención.



Cumes do Leboreiro pola zona do Codesal



Furna "A Igrexa". Burela



Arco en Lóngara (Reinante)



Pregue nas rochas en Lóngara

## 62-ARCOS E FURNAS

É agora un salto, de sur a norte, das montañas á costa.

A costa é, en xeral, moito máis coñecida que a montaña, xa que adoita ser o destino buscado por moitas persoas para descansar, facer turismo ou como simple lugar de visita.

Serían moitísimas as páxinas que se poderían encher, escribindo e con imaxes, dos case 1.500 quilómetros de costa que ten Galiza, desde o Eo ata o Miño, en toda a súa lonxitude e diversidade de formas que creou a actividade xeolóxica ao longo dos séculos nas áreas rochosas ou areosas de zonas protexidas ou expostas.

Onde a enerxía do mar se manifesta con máis violencia e crea formas máis curiosas e variadas e nos cantís. A forza das ondas rompe e derruba as rochas máis febles e crea furnas e arcos, mentres as resistentes permanecen como columnas, contrafortes, aguillóns ou bóvedas que cobren os ocos. Camiñar pola beira dun cantil costeiro é un espectáculo en calquera época do ano, co mar en calma ou bravo, pola mañán ou ao solpor. Podemos descubrir formas en curioso equilibrio, a estrutura íntima das rochas espidas polo desgaste do mar, penedos que semellan esculturas...

Os cantís da Mariña luguesa son un auténtico museo xeolóxico e escultórico, no que destaca de forma especial a praia das Catedrais. Unha zona que nos ofrece unha gran variedade de rochas nas que podemos observar a disposición dos estratos, as fallas e os pregues e diversidade de arcos, furnas, illotes e penedos.

Para gozar plenamente destas formas e poder percorrelas con tranquilidade é mellor evitar os meses de verán, onde o exceso de xente, fai case imposible facer unha foto; e escoller un día cunha boa seca, pola tardiña para aproveitar a luz favorable. Se temos esa sorte poderemos obter as mellores fotos e levar na memoria imaxes inesquecibles.



Arcos que lle dan nome á praia das Catedrais, pola súa semellanza cos contrafortes destas



Pedra coroadada de vexetación grazas á humidade



O Peñote ou Pena Goia, cume de cuarcita que destaca na serra da Carba. As casetas dos vixiantes de incendios son lugares que frecuentamos na busca de información sobre as montañas.



A Toxiza

## 63-O XISTRAL

O Xistral é un gran espazo formado polas serras da Carba, O Xistral e A Toxiza que fan de barreira natural entre o Cantábrico e a Terra Cha. Os seus cumes deteñen as nubes e cárganse de humidade que, retida e aproveitada por brións e herbas durante séculos, deu lugar á creación de amplas masas de substrato vexetal, as turbeiras.

Nas turbeiras, a vexetación, cando morre, non se descompón, -impídello a falta de osíxeno e a acidez do medio- senon que se transforma en turba, un tipo de carbón, que vai formando un manto que nalgúns lugares pode acadar os 3 m de espesor e ter máis 7.000 anos de antigüidade.

No Xistral as turbeiras cobren os cumes, as abas das montañas e os fondos dos vales creando uns ecosistemas especiais dun alto valor ecolóxico pola súa ampla biodiversidade entre a que se atopa un grande número de endemismos. Nos cumes onde as rochas dominantes son as lousas as formas son suaves e están totalmente cubertas de turbeiras. Nas zonas graníticas destacan sobre a paisaxe enormes penedos, algúns de formas moi curiosas, que moitas veces aparecen coroados de vexetación.

O Xistral foi un lugar que me impresionou pola súa enormidade en conxunto, polas impresionantes panorámicas desde as partes máis altas (sobre a Terra Cha ou a costa da Mariña Lucense) e, sobre todo, polos seus exclusivos e ricos ecosistemas.



Cumes do Xistral cubertos de turbeiras ou tremoais, como lle chaman na zona



Brións (*Sphagnum* sp.)



Rorelas (*Drosera rotundifolia*)



Breixos de turbeira (*Erica tetralix*)

## 64-PLANTAS DA HUMIDADE

De lonxe, nas turbeiras ou tremoais, todo ten un aspecto uniforme. Se é na primavera domina a cor rosa dos breixos. No verán vese todo verde e no outono e no inverno de cores pardas.

Pero se nos achegamos descubrimos unha impresionante diversidade por todas partes. Multitude de plantas adaptadas a vivir na auga ou en terreos enchoupados. Dominando todo, os brións (esfagnos), os auténticos soportes da turbeira, e unha grande variedade de herbas entre as que se poden ver as pequenas manchas vermellas das rorelas, nas que brillan as pingas da súa trampa atrapainsectos, estratexia que empregan para proveerse de nutrientes e sobreviviren nun medio moi pobre.

De entre todas, as máis aparentes, se coincide coa época en que maduran os froitos, son as xuncas de algodón coroadas cos penachos brancos que se moven ao vento para deixar viaxar as súas sementes. E bulindo por todas partes multitude de insectos, paxaros, anfibios e algúns lagartos.



Xunca de algodón (*Eriophorum angustifolium*)

## 65-SOLPOR NA FROUXEIRA

Non hai mellor luz para resaltar a textura da pedra que a da tarde. A auga, no seu traballo de milleiros de anos, modela os penedos graníticos abríndolle fendas, escavando pías e redondeando as formas que a luz dourada resalta acentuando, pero con suavidade, as partes iluminadas e marcando, sen esaxerar en exceso, as sombras.

A Frouxeira é un monte que ao sol da tarde chama a atención desde calquera punto do Valadouro e ten ademais un dobre interese, natural e histórico. É un monte desde donde podemos contemplar panorámicas sobre o Valadouro, as serras da Frouxeira e O Xistral ou a costa de Foz.

No cumo conserva os restos do que foi unha das fortalezas máis famosas de Galiza, onde, segundo unha mestura de lenda e historia, un dos persoaxes máis famosos, o Mariscal Pardo de Cela, resistiu o asedio dos seus inimigos ata que foi traizoado e posteriormente executado en Mondoñedo.

Pardo de Cela foi case seguro o persoaxe galego que máis lendas e historias inspirou. Cantado en romances medievais, protagonista de obras literarias e, aínda hoxe, figura controvertida da historia segundo os diferentes enfoques dos historiadores que fan del un heroe popular ou un señor feudal poderoso que caíu polas intrigas dos seus inimigos.



Restos do Castelo de Pardo de Cela



Vista da Ría de Foz desde o alto da Frouxeira



Penedos da Frouxeira á tardiña

## 66-CANTÍS DO NORTE



Penedos graníticos na punta de Estaca de Bares



Lousas na praia de Esteiro



Penedo As Tres Marias ou Pena Furada, en Ortigueira

Desde o remate da Ría de Viveiro, ata o comezo da de Ortigueira atopamos unha sucesión de cantís, cabos, illotes e farallóns nos que a variedade de rochas (pedra de gran, ollo de sapo, gneis, cuarcitas, lousas, xistos...), a disposición dos estratos e o traballo do mar deu lugar a conxuntos espectaculares como os cantís de Bares, Punta Louseira ou O Picón e penas furadas, como a das Tres Marias.

Se nos achegamos máis de preto podemos gozar coa presenza de pregamentos, fallas, furnas, bolos, e todo tipo de texturas á que da lugar a mestura de rochas e o diferente traballo que a auga fai nos mesmos. De todos estes lugares, varias veces visitados, gardo bos recordos dos solpores de Bares agardando ver algunha das aves que os sobrevoan nos seus pasos migratorios, das primeiras vistas dos cantís do Picón e do apuro para chegar a retratar a Pena Furada coa marea subindo. Son zonas que aínda conservan un encanto agreste e natural, relativamente libres da intervención das obras que moitas veces se fan para achegar aos vistantes a elas, pero que á veces contaminan a súa auténtica fisonomía e nos impiden contemplar o seu auténtico valor.




Cantís do Picón, Punta Maeda e Estaca de Bares


## 67-CABO ORTEGAL



Faro e Aguillóns do Cabo Ortegal



Aguillóns do Cabo Ortegal



Cabo Ortegal desde o mar

Cabo Ortegal, co seu faro e os seus aguillóns monta garda no extremo occidental da ría de Ortigueira dando comezo, ou remate, a un dos tramos de costa máis espectaculares de Galiza e de Europa.

A verticalidade dos cantís e farallóns impresionantes desde terra, pola súa altura, pola estrutura das rochas e polos xogos de luces e sombras; son aínda máis impresionantes desde o mar, como eu os vin, sendo máis nova e atrevida, o día que me embarquei cun grupo de amigos nun pequeno veleiro e navegamos arredor do cabo e entre o Cabalo Xoán, Os Tres Irmáns, Ínsua Maior, Rodicio e A Lonxa, nomes cos que se coñecen os Aguillóns; nunha viaxe desde a praia de Espasante. A visión mete medo. Ese recordo faime pensar, ademais da beleza das imaxes, no que arriscan os mariñeiros que se aventuran nestas costas coas súas pequenas embarcacións.

Desde Cariño pódese facer un percorrido en barco



Cabo Ortegal, vista dos cantís cara ao Oeste

## 68-CANTÍS DA CAPELADA

Desde o Cabo Ortegá ata a punta Ardilosa, na boca da ría de Cedeira, esténdense unha costa agreste, case inaccesible, dominada por elevados cantís que nalgúns puntos acadan os 600 m de altura.

Ademais da súa altura e espectacularidade son de grande interese por estaren formados por unhas rochas metamórficas escuras e densas (anfíbolitas, granulitas, ecloxitas e serpentinitas) que corresponden a un anaco do manto terrestre arrancado pola violencia da Oroxénese Hercínica e depositado sobre materiais máis recentes.

Os fortes ventos e a composición química dos solos (rochas ultrabásicas con alto contido en magnesio e ferro) dificultan o desenvolvemento das plantas que as obriga a dispor de adaptacións moi específicas, polo que esta zona é rica en especies pouco comúns ou únicas.

A Capelada é un punto de interese xeolóxico internacional que é visitado cada ano por científicos de todo o mundo, pero tamén por milleiros de turistas que aproveitan a viaxe para gozar das impresionantes paisaxes e para achegarse aa Santo André de Teixido, onde se atopa un Santuario cunha grande tradición e rodeado de lendas. A máis coñecida di que hai que respectar todos os pequenos animais que se vexan polo camiño como sapos ou lagartos, xa que poden ser as almas dos pelegríns porque "A Santo André de Teixido vai de morto o que non foi de vivo".



Cantís da Capelada e Santo André de Teixido



Cantís do Limo, unha das áreas máis espectaculares da Capelada



## 69-CENTÁUREAS. PEQUENOS TESOUROS DA FLORA GALEGA



*Centaurea corcubionensis*, unha planta que só se atopa na costa occidental da provincia da Coruña, na Costa da Morte



*Centaurea ultreiae*, da que só se coñece unha localización, o monte do Castelo

A miña, chamémoslle debilidade, polas plantas como suxeitos das imaxes fai que aparezan repetidamente ao longo do traballo. Se ademais Galiza acolle unha flora que contén especies propias, únicas, é un dobre motivo para incluílas, para dalas a coñecer para que poidan ser admiradas e, ao tempo, respectadas.

Entre estes tesouros atópanse as centáureas. Plantas con flores moi pequenas en agrupacións semellantes ás dos cardos das que existen moitas especies con flores de tamaños e cores diferentes. Algunhas de distribución moi localizada e con presenza moi reducida.

Pasei moito tempo buscándoas, e algunhas descubrinas despois de varias viaxes. A sensación que sentes cando atopas un exemplar destes é como se descubrises un tesouro ben gardado, do que só esperas levar un bo recordo e unha imaxe na cámara.



*Centaurea Borjæ*, que nace entre as rochas dos pasteiros que se atopan nos cantís da Capelada

## 70-CANÓN DO EUME



Canón do Eume desde a estrada que sube das Neves a Monfero



Fervenza nun afluente que cae ao pé da vella central eléctrica

Xusto onde remata o encoro, debaixo da presa o Eume encáixase nun canón de paredes case verticais entre as estribacións da serra do Forgoselo de enormes paredes graníticas e da serra do Queixeiro onde dominan os xistos. É unha área de Reserva Integral dentro do Parque Natural Fragas do Eume que se pode percorrer parcialmente desde a presa á que se accede desde Goente ou pola estrada que baixa desde As Neves á central eléctrica.

O río vai moi minguido polos diferentes encoros que o reteñen desde que baixa de Muras e no verán queda convertido nun pequeno rego e algunhas pozas. A visión do canón é impresionante coas laxes graníticas espidas, testemuñas da acción do río durante milleiros de anos. E nas fendas ou en pequenos resaltes algunhas árbores suxeítanse con dificultade enchéndoa de verde na primavera e no verán e dunha ampla gama de amarelos e ocre no outono.



Canón do Eume desde a presa



Fento *Woodwardia radicans*, unha das especies de interese que podemos atopar nas fragas



Mosteiro de Caveiro



Saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), endemismo do NO da Península Ibérica que ten nas Fragas do Eume a súa mellor poboación

## 71-FRAGAS DO EUME

Internarse polas fragas do Eume é como entrar nun bosque doutros tempos onde te envolve unha luz difusa e só te acompaña o marmurio da auga e dos paxaros. Percorrer os sendeiros que seguen o Eume ou algún dos seus afluentes como o Sesín ou o do Parrote, ou internarte na fraga, pódete levar a descubrir algunha das marabillas botánicas ou faunísticas que agocha, como as raras especies de fentos, reliquias do Terciario, de cando o clima en Galiza era moi diferente; moi variadas especies de brións ou algunha saramaganta. E para completar o encanto ver as fervezas ou o Mosteiro de Caveiro.

As Fragas do Eume son un dos bosques atlánticos mellor conservados e con maior biodiversidade da Península e de Europa. Podemos atopar 25 especies de árbores (incluídos os teixos máis occidentais de Galiza e as sobreiras que se atopan máis ao norte); 21 de fentos, algúns únicos ou moi raros; 250 líques, dos que 20 especies son pouco comúns; 100 brións e hepáticas; 103 aves e 40 mamíferos. Ademais de numerosos insectos, anfibios ou moluscos.

Nunha das nosas camiñadas pola parte alta das fragas ata atopamos un grupo de voutres, aves moi pouco comúns en Galiza.



Vista interior das Fragas do Eume

## 72-TESOUROS DO CAREÓN



*Filipendula vulgaris*



*Armeria merinoi*



*Sagina merinoi*

A latitude, a altitude, a orientación son factores que inflúen no desenvolvemento das plantas. Pero non é menos importante a composición do terreo. No Careón conflúen as variedades xeográficas coa presenza dun substrato de características especiais, rochas ultrabásicas (serpentinitas, peridotitas, granulitas, gabros...) que teñen na súa composición minerais como o magnesio e o ferro; o que o converte nun lugar único. A primeira vez que subes, a pouco curiosa que sexas, comezas a descubrir aquí e alá plantas que non aparecen noutros sitios. E xa, se vas sobre aviso, ou se tes a sorte, como foi no meu caso, de visitalo en compañía de botánicos expertos, sorpréndete aínda máis, que naquela zona, tan accesible e tan á man, se atopan varias especies únicas, algunha en grave perigo de desaparecer a consecuencia da súa reducida área de expansión, do seu escaso número e das actividades que se realizan na zona.



*Santolina melidensis* entre as serpentinas



Vista sobre os Montes do Testeiro



Freixa da Graña



Campañas (*Campanula* ...)

## 73-SERRAS DO CANDÁN E O TESTEIRO

Son serras de perfil suave que forman parte da Dorsal que percorre Galiza de Norte a Sur formadas por unha grande variedade de rochas (xistos, anfibolitas, gneis) rotas, pregadas e tumbadas que conforman un relevo bastante accidentado e dunha beleza espectacular, que se pode gozar subindo a calquera dos seus cumes. As nubes que entran da costa deixan nestas serras abundancia de auga que nutre os numerosos mananciais dos que saen as cabeceiras que forman os ríos Lérez, Umia e Deza.

Algunhas áreas foron moi castigadas e erodinadas a causa dos numerosos incendios que padeceu, en especial na parte do Testeiro. Os seus cumes, como os de grande parte do territorio galego, están marcados pola presenza de aeroxeradores.

Percorrendo estas serras podemos atopar grandes fragas, como Coto Zobra, cunha grande variedade de especies animais e vexetais, e importantes mostras da etnografía e a arte popular, como neveiras, albarizas, pontes, hórreos ou asentamentos de montaña. Nunhas das abas do Candán atópase o mosteiro de Acibeiro, desde o que hai varias rutas sinalizadas.

Unha das últimas camiñatas que fixen por estas terras foi na procura dunha ferverza (freixas como se chaman na zona) no río da Veiga de Abaixo ou Porto, unha das cabeceiras do Deza que nace nos montes do Testeiro que se atopa nun val encaixado con paredes case verticais rodeado de toxos de máis dun metro de altura por unha banda e pola outra de prados abandonados nos que as silveiras, as xestas e as estrugas crearon unha selva case impenetrable. Despois de tentalo polos dous sitios, ao fin, e con moitas rañaduras, chegamos a ela. O que máis nos chamou a atención, ademáis da beleza da freixa foi que alí houbese os restos dunha antiga minicentral, hoxe abandonada, da que se conserva aínda o pequeno encoro.



Serra do Candán



Fervenza do Toxa no verán



Fervenza do Toxa no inverno

## 74-ULLA-DEZA-TOXA

É difícil escoller unha imaxe que representa todods os valores que un río acumula ao longo do seu percorrido, produto do seu propio esforzo, ou engadidos pola man das persoas.


O río Ulla é o segundo máis importante de Galiza despois do Miño-Sil cunha lonxitude de 130 quilómetros, desde que nace en terras de Monterroso a 640 m de altura, ao norte da serra do Farelo, ata que desemboca na ría de Arousa formando un amplo esteiro de grande riqueza ecolóxica.

Xunto cos seus afluentes conforma unha rede de lugares de grande interese paisaxístico, xeolóxico, botánico, histórico ou etnográfico.

A diversidade de rochas que atravesa (xistos, gneis, anfibolitas, granitos...) contribúe a formar paisaxes moi variadas. No seu percorrido entre as provincias de Coruña e Lugo discorre encaixado en varios tramos formando áreas de gran beleza con rápidos e fervenzas como as Torrentas de Mácara, o canón de Santiso ou a zona de Ponte Ulla, onde aproveita unha fenda nos seixos do Pico Sacro.

Os ecosistemas son moi variados, desde os bosques de ribeira ata o esteiro e as marismas da desembocadura e as súas augas son ricas en especies piscícolas. É o único río da vertente atlántica galega no que hai salmón e ademais abonda a lamprea.


Nos seus afluentes atópanse algunhas das fervenzas máis fermosas de Galiza como as do Toxa, Escuadro, Gouxu ou Graña, e ecosistemas únicos, como o sobreiral do Arnego. E a todo isto, por se fose pouco, poderíamos engadir os castelos (Pambre), os mosteiros (Carboeiro, Herbón), numerosas igrexas románicas, as pesqueiras, pontes, muíños e caneiros.



Torrentas e fervenzas de Mácara, entre Palas de Rei e A Golada



Carballo do pazo de Cartelos (Carballedo)



Carballo de Cerracín no verán

## 75-OS VELLAS XIGANTES

Hai moi poucos vellos xigantes nas fragas e nos bosques, xa que agás nos lugares máis afastados, foron talados varias veces ou vítimas do lume. E tampouco acadan grandes dimensións porque llo impide o terreo e a competencia.

Case todos os vellos xigantes medran como seres individuais ao amparo das persoas, en lugares públicos (adros, prazas, xardíns) ou privados (nos vellos pazos). En lugares onde non houbo razón para coutarlles a existencia, ou en lugares nos que a súa presenza foi a razón para deixalos vivir. Aínda que algúns van quedando no camiño vítimas das enfermidades, dos malos tratos, da vida mesma, que sempre ten un remate. Atoparse cun vello xigante produce unha sensación estrana, pero agradable, de admiración e respecto; que inclina a actuar con mesura, en silencio; a interferir o menos posíbel; a non molestar.

Xa tiña imaxes de todas as grandes árbores que atopaba nas miñas viaxes. Logo, chegou ás miñas mans o libro sobre árbores monumentais de Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco Sevillano e, seguindo as súas indicacións, fun visitar todos os que foi posible. Falar coa xente levoume a outros, e as moitas voltas polos camiños aos demais. E raro é o itinerario no que non me atopo con algún novo digno de admirar.

A maioría destas árbores, neste caso carballos, teñen a súa historia as súas lendas e crenzas e ritos relacionados con eles (para atopar mozo, para asegurar o casamento ou para curar enfermidades). De algún teño a miña propia anécdota. O carballo de Cerracín vímoloo por primeira vez no verán. Volvemos seis meses máis tarde e atopamos no mesmo sitio ao mesmo señor coas súas ovellas e o can.



Carballo de Cerracín (Friol) no inverno



Refuxio nunhas rochas no alto do Coto Xuíz (serra do Faro)



Chozos de pastores en Mangueiro (O Suído)




Fervenza do Xesta (A Lama)

## 76-SERRAS DO CANDO, SUÍDO E FARO DE AVIÓN

Forman parte da Dorsal Galega e acadan, nalgún puntos, cotas superiores aos 1.000 m de altitude, polo que son excelentes miradoiros sobre unha grande parte das provincias de Ourense e Pontevedra. Desde os cumes do Cando chéganse a ver tres rías á vez (Vigo, Pontevedra e Arousa).

Nestas serras os ríos teñen moito protagonismo. Son formadores da paisaxe e creadores de hábitats nos que se conservan o mellor da nosa flora e fauna. Delas baixan numerosos regos, que na vertente leste forman o Lérez, o Verdugo, o Oitavén o Tea e o Deva e na oeste van cara ao Avia, O Cerves, Cortellas ou o Brul (todos afluentes do Miño). E en todos eles os frecuentes desniveis e tramos encaixados dan lugar a fermosas fervenzas como a do Xesta, as do Cerves, as do Verdugo ou as do Tea.

Nestas serras atópanse ecosistemas moi valiosos. Nos cumes dos montes, nos terreos chans e nas depresións, a auga enchoupa o terreo e instálanse comunidades de brións e outras plantas formadoras de turba acompañadas de especies curiosas como as carnívoras rorelas. Nas abas dos montes e nos vales dos ríos atópanse as mellores e máis grandes carballeiras da provincia de Pontevedra entre as que destaca a carballeira do Xesta, na aba occidental dos montes do Suído, as de Coveliño, debaixo da serra do Faro ou as do Oitavén, entre o Suído e o Cando. Nos cumes dos montes e nos bosques deste amplo espazo consérvase tamén unha rica e variada fauna na que cabe destacar algunhas especies de aves pouco comúns en Galiza, e importantes restos arqueolóxicos, etnográficos e históricos.



Río Verdugo na Fírveda (Seixido-A Lama)





Aloitadores en Sabucedo



Curro antigo no Forgoselo



Grea en Amil

## 77-AS RAPAS DAS BESTAS

Non atopo mellores palabras que as tantas veces repetidas, a loita do home e a besta. Un espectáculo que se pode captar desde moitos encadres.

A grea, a mestura de corpos e cores, apretados, encerrados e sorprendidos, que so moven nervosos como un só, en ondas, coma empuxados polo vento, en sentido contrario aos movementos dos aloitadores.

Os aloitadores, mozos e mozas, rexos, áxiles, ousados, con gañas de facer ben e rápidamente o traballo do que son co-protagonistas.

A loita cargada de emoción e dificultade, con estampas de forza espectacular.

O resultado, victorioso para o aloitador, e frustrante para o cabalo, que perde as crinas lucidas con orgullo durante meses, coas que amosaba a súa forza, o seu vigor, e coroaba a súa estética.

As rapas das bestas teñen lugar en case todos os montes galegos onde se cría gando en liberdade. É un costume que ten a súa orixe en tempos moi antigos e que na actualidade convertiuse tamén nunha atracción turística. Algunhas rapas das bestas, como a de Sabucedo congregan a milleiros de persoas durante varios días e ten consideración de Festa de Interese Turístico Internacional.



Rapa das Bestas de Sabucedo



Pena dos Cadrís, en Muxía, sanadora dos problemas nas cadeiras



Penedos das Rodas en Outeiro de Rei. Gardadoras de tesouros.



Pena do Equilibrio, en Pontearreas

## 78-PENAS, CONS, PENEDOS...

O traballo do tempo e os moitos cambios ambientais que se producen ao longo dos anos son, eles sós, os autores destes singulares monumentos naturais. Uns gañan a súa condición e o noso interese polo seu tamaño, outros pola súa situación ou polas historias e lendas ás que deron orixe.

Ao longo de Galiza atópanse moitos e moi variados representantes do resultado do traballo erosivo da auga sobre as rochas en forma de grandes bolos, penas cabaleiras, outras de formas curiosas e algunhas ás que se atribúen poderes máxicos e curativos. Pedras de abalar, xuíces sagrados en diferentes castes de preitos; penas do equilibrio, que contraveñen as forzas da natureza e a disposición habitual das cousas; penas gardadoras de tesouros; pedras con formas nas que a xente ve xigantes, dragóns, pianistas...; pedras marcos, gardadoras das lindes e fronteiras; pedras sanadoras, nas que cumprir os ritos promete curación de distintos males; pedras fecundadoras, onde se hai que deitar para acadar a fertilidade; inmensos penedos que nos fan sentir minúsculos ao seu carón.


Tamén merecen figurar neste traballo como soporte da nosa riqueza paisaxística, da tradición, ou, polo seu valor estético.



Penedo do Faro de Budiño, entre O Porriño e Salceda de Caselas



Petroglifo Laxe das Rodas, en Muros



Rosetón da igrexa de Santa María de Noia



Monumento a Castelao, de Leiro, en granito negro de Moraña

## 79-O TRABALLO DA PEDRA

Se sobre os cumes e as abas nos sorprenden as grandes rochas, o interior dos montes de moitas partes do país son unha inmensa rocha da que saen os anacos que se empregan para crear obxectos, estruturas útiles e obras de arte, das que hai infinidade de mostras por toda Galiza, desde os humildes valados de pedra ata as catedrais, os edificios modernos ou as esculturas dos artistas.

Ao abeiro das grandes pedras duras e resistentes buscaron acobillo e construíron os seus refuxios os primeiros habitantes do país, e sobre elas deixaron, en marcas cas indelebles, as representacións do seu mundo. Estes primeiros traballos sobre a rocha foron os alicerces sobre os que asentaron a sabedoría necesaria para coñecerlas e a habilidade suficiente para traballalas e sacar delas as formas e as texturas que levaron aos nosos canteiros a seren coñecidos e valorados en moitas partes do mundo.

As entrañas dos montes manteñen unha importante industria extractiva e de manipulación dotada de tecnoloxía punteira coa que se obteñen resultados que permiten comerciar co seu valor en todo o mundo.




Canteira de granito rosa. O Porriño



Fachada do Obradoiro da Catedral



Fragmento do Pórtico da Gloria do Mestre Mateo



Rúas de Santiago

## 80-SANTIAGO DE COMPOSTELA. CIDADE EN PEDRA

O compendio de todo o dito ata aquí das rochas atópase en Santiago, cidade na que a pedra é presenza e esencia, onde por todos os recantos nos sorprenden os detalles das mans maestras.

Aínda que por todo o territorio hai mostras abondo do saber e bo facer dos canteiros, en Santiago temos feito en pedra canto esta pode dar de sí. Obras antigas e modernas, humildes e maxestuosas, individuais e conxuntos, casas, rúas, fontes, cruceiros, monumentos, igrexas... e entre todas, a grande obra, a catedral, na que se expresa a esencia do bo facer dos maestros artesáns-artistas que lle deron forma e vida ao longo dos séculos.

Polo seu valor monumental e simbólico, Santiago de ningunha maneira pode quedar excluído deste traballo, no que é imposible facer referencia a outras moitas cidades e vilas que meceren, por moitas razóns, ser consideradas e retratadas.

Compostela é punto case obrigado dos que visitan Galiza e destino de milleiros de persoas que percorren cada ano os camiños que ata alí chegan desde todos os puntos cardinais.



Praza das platerías e Catedral



Toxo



Lagarto das silveiras



*Tolpis barbata*



Estalotes  
(*Digitalis purpurea*)

## 81-O ENCANTO DO COTIÁN

Ás veces, os lugares máis insospeitados, aparentemente menos propicios, sorpréndennos con detalles, obxectos e ocasións, das que podemos obter boas imaxes. Lugares e obxectos, que hai que saber descubrir e unha vez descubertos engadirilles un pouco de paciencia, un algo de esforzo e outro tanto de traballo.

Moitos elementos cotiáns vistos de preto, con atención e detalle, son fonte de imaxes atractivas, cando non, sorprendentes.

Un dos lugares nos que se obteñen moi boas imaxes son as beiras dos camiños. Alí agárdannos unha gran variedade de formas e cores en flores, froitos, pequenos animais, dos que a paciencia e o traballo poden obter resultados excelentes. Achegarnos a eles, descubrilos, investigalos, é un traballo relativamente doado e, con constancia, os resultados que se obteñen poden ser sorprendentes. As plantas, pola súa inmovilidade, son os suxeitos máis agradecidos: non fuxen cando nos achegamos a elas, non as asusta o ruído da cámara, permiten facer probas, mudar encadres e poñer en xogo todos os recursos do propio obxecto, da cámara e do fotógrafo.



Froitos de mexacán. Final dun ciclo ou comezo de novas vidas?



Cabo Silleiro



Vista desde o alto do Torroso co Tegra marcando o límite da costa galega



Casa reconstruída no castro do Tegra

## 82-MARUSÍA A COSTA DO SUR

O mar inmenso, o mar bravo, o mar incansable. Os máis de mil quilómetros de costa ofrecen motivos e calificativos abondo para escribir sobre o mar. Eu escollín esta imaxe pouco habitual, o mar insólito, que me sorprende un día de inverno na costa da Guarda, a marusía, como lle chaman alí. Esta situación que se produce como consecuencia do constante bater do mar nas pedras cando a auga ten en suspensión resíduos de algas. O traballo infatigable das ondas convertera a superficie da auga nas proximidades da beirada nun batido xigante do que o vento arrancaba anacos que, agabeando polas pedras, se amoreaban ao pé do cantil como restos dunha nevarada.

A brava costa entre Baiona e A Guarda ofrece a cotío imaxes do xogo das ondas coas pedras, de moreas de escumas que se erguen cando as ondas, empurradas polo vento, baten nas rochas. Con tempo claro, ou con temporal podemos gozar das infinitas variacións deste tema.

E se queremos ter unha visión panorámica desta costa, nada mellor que facer unha ruta polos cumes de Groba ou o Torroso e rematar a viaxe no Tegra onde, ademais das vistas podemos percorrer os restos do poboado castrexo máis emblemático de Galiza.



Batido de mar na Guarda



Rochas en Sálvora



Corvos mariños cristados  
(*Phalacrocorax aristotelis*)



Sartego en Ons



Gaivota preparando o niño

## 83-ILLAS ATLÁNTICAS

O único Parque Nacional de Galiza, "Illas Atlánticas", está formado por un conxunto de arquipélagos, illas e illotes situadas nas Rías Baixas: Cíes, Ons, Sálvora, Nor, Vionta, Cortegada e Malveiras e parte dos fondos mariños que as rodean.

Son illas dun grande interese xeolóxico, paisaxístico e biolóxico. A insularidade, a pesar da súa proximidade á costa, e as variacións ambientais permitiron o asentamento e a preservación de especies únicas en cada unha delas.

As illas están colonizadas por comunidades vexetais singulares que merecen ser protexidas pola súa reducida área de extensión. As máis interesantes aséntanse nos cantís e nos complexos duna-praia. Están catalogadas 412 especies vexetais terrestres (hai 19 especies e subespecies incluídas no Libro Vermello da flora galega das que 6 están incluídas tamén na lista vermella do Estado Español); 200 especies de algas e 213 animais terrestres. En canto á fauna o máis destacado son as colonias de aves mariñas.

A maior riqueza ecolóxica do parque das Illas Atlánticas atópase no espazo marítimo. É un dos seus valores fundamentais, pola grande diversidade de biotopos (áreas de costa rochosa e areosa, tanto exposta como protexida) e pola cantidade e variedade de especies que se atopan neles.

Os fondos mariños das illas son importantes áreas de cría de peixes e mariscos, polo que actúan como reserva biolóxica dos recursos pesqueiros e marisqueiros das zonas próximas. Visitar calquera das illas (incluída a viaxe en barco), percorrer os sendeiros ao pé dos cantís, pasear polas praias ou observar as pozas que deixa a marea ao debalar, pode proporcionarnos moitas ocasións para gozar do espectáculo das súas paisaxes ou dos múltiples detalles que nos ofrecen as plantas e animais que atopamos no camiño, moi especialmente das aves mariñas.



Cantís nas Cíes



Porto pesqueiro tradicional. A Coruña



Antigo porto do Freixo



Descargando peixe

## 84-PORTOS E BARCOS

Cunha liña de costa tan ampla e recortada e tanta xente dedicada ao traballo do mar case non hai cidade, vida ou localidade costeira, por pequena que sexa, que non conte cun porto, desde os grandes portos que mesturan actividade comercial e pesqueira como Vigo, A Coruña, Ferrol ou Marín, ata os pequenos peiraos e abrigos dos centos de vilas mariñeiras que hai por todo o litoral. Instalacións modernas, cos últimos avances tecnolóxicos para o atraque, a carga e descarga e a navegación, ou construcións que conservan o encanto tradicional como os pequenos portos do Freixo, Bares ou Palmeira.

Sempre me resultou moi atractivo achegarme aos portos e ver os diferentes tipos de barcos, os milleiros de solucións tecnolóxicas ou artesanais neles aplicadas; desde os grandes trasatlánticos aos pequenos veleiros deportivos; desde os grandes arrastreiros que van aos caladoiros internacionais ata as humildes dornas de Aguiño ou a Illa de Arousa. E o máis importante dos portos, a súa actividade, o entrar e saír dos barcos, o rebulir das xentes cargando e descargando a pesca, os produtos da acuicultura ou os grandes contedores de mercadorías. Se queremos ver actividade a mellor hora é cando saen ou volven do mar.

As combinacións de formas, tamaños e cores, as diferentes liñas de composición, o orde ou o caos, o sinfín dos detalles –un nó, un anaco de rede ou unha escea- poden colmar as expectativas dun buscador de imaxes.



Porto de Vigo





Pescando ao cerco no mar de Monte Louro



Lonxa de Ribeira



Mariscadoras no Serrido (Cambados)

## 85-XENTES DO MAR

Como nacín e vivín sempre nunha vila mariñeira sentín sempre moita curiosidade e admiración polas persoas, homes e mulleres, que traballan no mar. Polos que se embarcan na busca do peixe cada día ou cada noite e polos mariscadores e mariscadoras que tiran do raño ou remexen as areas da praia na procura de marisco. Fun moitas veces ao mar na compañía dos mariñeiros de Cambados, nos frios días de inverno e nas mornas noites de verán. Pasei unha noite nun barco do cerco alá por Monte Louro e moitos días pola ría de Arousa en pequenas embarcacións que empregan artes tradicionais. E góstate ver a habilidade que empregan no seu traballo, como ceñecen as marcas, os nomes de cada pedra, os ventos, os indicadores dos cambios de tempo, que expresan ás veces en ducias de refráns. E por último gozo vendo como descargan o produto do seu traballo ou o colocan na lonxa para a subhasta. Todas estas resultáronme moi boas oportunidades para coñecer aos seres mariños, tanto os que se capturan e rematan na lonxa como os que aparecen ocasionalmente nas redes e aparellos e son devoltos ao mar.



Barco pescando bolos á "raspita", aparello de cerco de pequeno tamaño



Cantís da costa da Vela



Ondas no cabo Corrubedo



Muíño de Marea de A Seca. Cambados

## 86-A ENERXÍA DO MAR

Cada vez que me achego á beira do mar non podo resistir a tentación de facer fotografías das ondas, de tentar capturar o momento máxico no que ten lugar o fráxil equilibrio que se produce nesa converxencia de luz, auga e vento. Teño imaxes de mar calmo, de ondas case inexistentes, de ondas mansas, de ondas coroadas pola escuma e de ondas informes, descontroladas. Entre todas elas esta da Lanzada é a que mellor recolle todo o contado.

O mar é un xigantesco acumulador de enerxía procedente do vento, en forma de ondas; da gravidade, en forma de mareas; ou de calor. Esta enerxía modela a paisaxe costeira, é causa de desgrazas e pode ser aproveitada para mover aparellos.

En Galiza fixéronse experiencias para aproveitar a enerxía das ondas para producir enerxía eléctrica, pero a máis empregada desde hai centos de anos, foi a das mareas para mover muíños. Por toda a costa, desde a ría de Ortigueira ata a Ría de Vigo, consérvanse numerosos muíños de marea aproveitando a ampla variación do nivel entre mareas utilizando a construción de presas para pechar auga en enseadas ou, nalgúns casos, aproveitando tamén a desembocadura de pequenos ríos. Son museos etnográficos que podemos visitar para admirar, unha vez máis, o enxeño das nosas xentes.



Ondas na Lanzada



Vista da ría de Arousa desde O Xiabre



Vista desde A Curota



Cullereiros (*Platalea leucorodia*). Na enseada do Umia hai unha importante poboación invernante, única en Galiza.

## 87-CORTEGADA E A RÍA DE AROUSA

Para falar da ría de Arousa escollín a Illa de Cortegada por varias razóns. A primeira é o encanto do bosque de loureiros que visitei por primeira vez hai tres anos, cruzando a pé coa marea baixa por entre os viveiros de Carril. Alí marabilloume o ambiente sombrío debaixo dos loureiros e a grande cantidade de fungos que se atopaban aínda sendo no mes de agosto. Outra razón é que forma parte do Parque Nacional das Illas Atlánticas e, nos días en que estou a escribir estas liñas acabo de coñecer a noticia de que volve a ser de propiedade pública, para goce de todas as persoas que queiran visitala.

Na ría de Arousa (a máis grande e ampla de Galiza) hai outras illas máis coñecidas, como A Toxa, ou máis grandes e tamén con importantes valores naturais como a Illa de Arousa, e outras moitas de grande beleza como Areoso, Rúa ou Nor.

Ao ser unha ría tan grande e tan densamente poboada ten unha grande cantidade de puntos de interese paisaxístico, ecolóxico, histórico ou etnográfico. Podemos ter amplas panorámicas dándonos unha volta pola serra da Barbanza (en especial A Curota), polo Xiabre, o Castrove, Lobeira ou o monte da Siradella. Para gozar de espazos de grande interese natural temos a Enseada Umia-O Grove, O Carreirón ou o esteiro do Ulla e todos os recunchos aos que nos podemos achegar nas numerosas praias, enseadas, esteiros e rochedos nos que podemos atopar especies de animais e plantas comúns e outras de difícil localización, como os cullereiros da Enseada do Umia. E se queremos enchouparnos de historia, arte e etnografía temos petróglifos, pontes, cascos históricos, pazos, igrexas, museos, peiraos, hórreos ou muíños de río, de vento e de marea.



Bosque de Loureiros na illa de Cortegada



Orquídea (*Spiranthes aestivalis*)



Mapoula mariña (*Glaucium flavum*)



Carrascas de San Xoan (*Othantus maritimus*)

## 88-CORRUBEDO

Entre o cabo Corrubedo e a punta de Sagres, na boca da ría de Arousa, sitúase unha enseada na que se atopa un dos espazos máis singulares da costa galega formado por unha praia cun grande sistema dunar e varias lagoas orixinadas por pequenos ríos que teñen parcialmente tapada a súa saída ao mar. O sistema dunar esténdese ao longo dos 4 km de praia. A meirande parte das dunas están fixadas pola vexetación e hai unha grande duna móbil de máis de 1km de lonxitude, 200-250 m de anchura e 20 a 15 m de altura que avanza en dirección noroeste.

A primeira impresión que recibes ao chegar a Corrubedo é a visión dunha enorme morea de area que se vai facendo máis grande a medida que te achegas, a gran duna móbil, a máis grande de Galiza e unha das máis importantes de Europa. Cada vez que a visitas é diferente, xa que é un sistema dinámico en constante movemento. No verán, coa luz do sol intensa molesta a cor crara da area, no inverno, coa chuvia e os temporais, a area está máis compacta pero ten o encanto das pequenas lagoas que se forman detrás.

En todo o espazo, declarado Parque Natural, e nas proximidades podemos atopar moi diversos hábitats, de auga dóce, como os regatos e as lagoas de Xuño e Vixán, de augas salobres, como as lagoas de Muro e Carregal, areas e ecosistemas mariños areosos e rochosos. En todos eles unha importante diversidade de animais e plantas o que fai que unha única visita saiba a pouco.



Duna móbil de Corrubedo no inverno



O Roncudo, todo un símbolo da Costa da Morte



Vista parcial da Illa Sisarga Grande



Percebes, unha das riquezas da Costa da Morte

## 89-COSTA DA MORTE

Con este nome, que fai referencia aos moitos naufraxios que se teñen producido nela, coñécese a costa que hai entre Arteixo e o Cabo Fisterra, un dos tramos de costa máis accidentado e heteroxéneo de toda Galiza onde podemos atopar cantís (Fisterra, Cabo Vilán, O Roncudo, Malpica...) illas (Sisargas, Herbosa, Tiñosa...), lagoas costeiras (Traba, Baldaio...), sistemas dunares (praia do Trece, Traba, A Barra-Ponteceso, Baldaio, Barrañán...), praias (Rostro, Laxe, Traba, Baldaio, Trazo, Barrañán, Enmedio...), rías (Lires, Ponteceso...) e numerosas poboacións que nos ofrecen o encanto dos portos de mar e das tradicións mariñeiras. Dada a diversidade da costa atopamos tamén diversidade de ecosistemas nos que habitan moitas especies de interese. Na Costa da Morte os protagonistas son as rochas, o mar e o vento, e todos os que alí viven teñen que adaptarse ás difíciles condicións, en especial aos duros invernos de temporais. É unha importante área de pesca e marisqueo, na que a especie protagonista é o percebe que os homes e mulleres apañan das rochas xogándose a vida. Para todos os que nos gusta a natureza e os espazos pouco intervídos pola man humana, esta costa aínda ofrece recunchos case virxes nos que poder gozar plenamente en calquera época do ano, nos días de luz e a calor do verán ou co bravío do mar do inverno.



Contraluz en Cabo Vilán. Nos aguillóns do Cabo Vilán quedan os últimos araos de Galiza



Camariña (*Corema album*)



Boleira ou coído no cabo Tosto



Penedos traballados polo mar e o vento en Santa mariña

## 90-O TRECE

A enseada do Trece, situada entre os cabos Tosto e Veo, é un compendio do que significa a Costa da Morte. Alí podemos atopar, en pouco espazo, rochas de formas estranas esculpidas polo mar e o vento, dunas fixas e móbiles, pequenas lagoas estacionais, boleiras e un grande número de especies pouco comúns entre as que sobresa a máis importante poboación de Camariñas de Galiza, da que tomou nome a vila e a ría.

Unha das formacións de maior interese do Trece é a duna remontante do Monte Branco. Os fortes ventos dominantes (fundamentalmente do oeste) acumulan unha grande cantidade de area nas ladeiras próximas á costa. A area forma placas que se manteñen sobre as pendentes grazas á humidade, ao sal e á fixación das plantas.

Unha das rutas máis interesantes de toda a costa galega é a que podemos facer desde Arou ata Camariñas. No camiño hai varios puntos panorámicos e paneis explicativos. Se baixamos a Santa Mariña podemos ver o pequeno porto metido entre os cons e as fermosas esculturas que o mar modelou nos granitos rosas da serra de Pena Forcada. No Cabo Tosto ou do Trece consérvase o cemiterio dos Ingleses, como testemuña do naufraxio do "Serpent", buque escola da mariña inglesa. Camiño do Cabo Vilán podemos ver un foxo do lobo e varias pedras ás que a xente lles puxo nome como O Caudillo, Os Namorados ou O Oso.



Praia e dunas do Trece

## 91-O QUE DESCOBRE A MAREA



Golfos (*Laminaria digitata*)



Chuponas, ventosas ou apegóns (*Actinia equina*)



Lorcho (*Gobius* sp.)

A forza da gravitación, o equilibrio universal, a interrelación astronómica, palabras que soan a grande, lonxano e alleo; tradúcense, ao nivel do común, do habitual, do cotián (sobre todo para a xente que, coma min, nacemos e vivimos á beira do mar), no subir e o debalar das mareas, que ademais de ofrecernos unha paisaxe cambiante e, nalgúns casos cunha transformación espectacular, influen no conxunto de circunstancias ás que teñen que enfrontarse os seres que se desenvolven nese ambiente, e poden ser a porta a outro mundo, o dos seres mariños entre os que abundan os seres de formas simples, á vez que curiosas, chamativas ou extraordinarias.

O subir e debalar da marea tamén son os creadores das pozas de marea, pequenas en superficie pero enormes en variedade e riqueza biolóxica, xa que nelas podemos contemplar de preto o desenvolvemento de diferentes formas de vida animal (moluscos, crustáceos, peixes, equinodermos, celentéreos...) e vexetal (algas verdes e vermellas, filamentosas, laminares, ramificadas, incrustantes...).

Ademais, son o único lugar onde podemos facer fotos naturais e de preto os que coma min, non somos quen de mergullarnos no mar.



Poza de marea



Cimiterio de Lira



Dunas de Caldebarcos



Silene na duna

## 92-CARNOTA

Son moitas as praias que hai en Galiza, e moitas as que serían merecentes de aparecer neste traballo, pero é imposible poñelas todas, nin siquiera as máis importantes.

Escollín a de Carnota pola súa inmensidade -é a máis grande de Galiza-, pola beleza do marco natural no que se atopa, co Pindo como fondo, e pola riqueza e diversidade dos seus ecosistemas.

A praia de Carnota e as dunas de Caldebarcos forman un sistema de marismas e dunas fixadas pola vexetación que lindan co mar nun grande areal de máis de 7 km de lonxitude. A zona de marismas está dividida en dúas partes: Caldebarcos, ao Norte e A Lagoa, ao Sur, separadas pola punta Larada.

Acollen unha rica flora e fauna típica. Podemos contemplar a praia de Carnota e as dunas de Caldebarcos desde o Alto do Pindo ou de calquera dos puntos panorámicos que se atopan ao longo da serra das Forcadas, na estrada que ven de Muros polas Paxareiras, ou paseala dunha punta a outra, se o tempo e as forzas o permiten.

Ademais dos valores naturais da propia praia temos moitos lugares próximos aos que achegarnos como a praia e punta de Quilmas, a costa das Cabras, as puntas de Caldebarcos ou dos Remedios ou as praias de Lariño e Areagrande.

Podemos facer unha visita aos xigantescos hórreos de Lira e Carnota, aos portos do Pindo ou Lira.

E, se nos queremos aventurar no mar, nada mellor que achegarnos á asociación Mar de Lira, onde as propias xentes do mar nos poden facer de guías e mestres.



Vista da praia de Carnota e Caldebarcos desde o alto das Forcadas



## 93-OS HORREOS



Horreo en Fontaneira (Baleira)



Grupo de hórreos na Merca



Canastro en Casalderrique  
(Caldas de Reis)

Tantos, tan variados, nin de todo iguais nin tan diferentes, tan ben adaptados ao medio e as súas circunstancias. Todos cunha estrutura semellante e cunha mesma función, cada tipo coas súas características, que o identifica como propio dunha zona e o diferenza de todos os demais, circunstancia que non conseguiu superar nin a uniformización dos prefabricados e o cemento.

Varietade tamén nos nomes: hórreos, piornos, canastros, cabaceiros... e o aproveitamento do material de cada zona: diferentes tipos de rochas, madeira, bimbias, colmo...

En todos está presente o bo facer e o enxeño dos artesáns, ou o poderío económico e o gusto dos seus donos. Os hórreos tamén se atopan no camiño sen retorno ao que os conduciu o abandono do rural, dos sistemas de produción tradicionais e os cambios de orientación da produción agraria. En moitos casos xa só se conservan como monumentos ou como obxectos decorativos.



Hórreo da casa rectoral de Lira



Fervenza do Xallas



A Moa, cume do Pindo



O Xigante

## 94-O PINDO

A primeira vez que me acheguei ao Pindo foi arredor de 1980 cando, facendo un percorrido pola costa camiño de Fisterra, tiven ao tempo a increíble sorte de ver, contemplar e retratar a fervenza do Xallas con auga, nun tempo en que estaba pechado o paso da auga. Aquel fora un inverno de moita chuvia e os encoros estaban a botar fóra. Quedei impresionada coa beleza do salto de auga e das paredes de granito rosa que lle serven de marco. Volvín a pasar por alí moitas veces e vin o Pindo desde moitos encadres, desde Carnota, Corcubión, Fisterra ou Buxantes, e sempre me chamou a atención aquela inmensa mole rosada espida de vexetación e de cores cambiantes ao longo do día e do ano.

Nunha das viaxes decidín facer a ruta de subida desde a igrexa do Pindo. Con grande esforzo e calor fun facendo a subida e gozando coas impresións recibidas: as primeiras vistas sobre a praia de Carnota ou a enseada de Fisterra. Máis adiante rodeáronme figuras pétreas de formas de xigante, dragón, ou simplemente, penedos fermosos que conformaban unha paisaxe de lenda. E ao remate, xa moi cansa acadéi o cume da Moa, a impresionante masa rochosa que forma o cerne do monte e que o culmina. A vista desde alí deixoume sen alento (ademais da camiñada). Polo camiño atopei algunhas plantas moi interesantes, momentos que aproveitei para facer algunha foto de centáureas, acivros, carballos enanos ou rorelas, e coller folgos.

Subir o Pindo e ter a sorte que eu tiven a primeira vez, dun día craro, é unha experiencia inesquecible. Repetín a ruta outras veces, unha delas con néboa, na que só acadaba a distinguir algunhas virandeiras dos montes da Ruña ou Buxantes por entre as nubes, pero aínda así paga a pena.

Hai a posibilidade de subir ao Pindo desde o Fieiro, desde o alto do encoro, por un camiño máis curto e con menos desniveis, coñecido entre os habituais da ruta como o "camiño das preñadas".



O Pindo e Fisterra

## 95-MANS DE ARTESÁNS



Zoqueiro en Mondoñedo



Palilleira en Vimianzo



Cesteiro en Friol

O país tamén son as cabezas que pensan e as mans que traballan. As mans que converten en realidade as ideas e os soños. As que constrúen as solucións aos pequenos problemas e aos grandes retos. Nun tempo no que as máquinas se encargan de case todo séntese unha especial satisfacción vendo como entre eses dedos, que se moven co acerto e a precisión que lles da a experiencia, se realiza a miragre da transformación dunhas cousas en outras sen deixar de ser o que eran anteriormente. Como xurden desas mans realidades úteis e belas. Por iso vaia esta páxina como lembranza e homenaxe a todos os artesáns e artesás, que cada vez son menos, que foron quen de manter a actividade fronte ás circunstancias, ou adaptándoa aos tempos actuais, e poden seguir facendo do que lles gusta unha forma de vida.



Oleiro en Buño



Cerámica do Castro



Campaneiros de Arcos da Condesa. Unha actividade industrial con métodos de varios séculos de antigüidade.



Citroen, a máis importante factoría industrial de Galiza

## 96-TRANSFORMANDO A MATERIA

Para facer un dos meus traballos tiven que visitar numerosas instalacións industriais, entre elas un astaleiro. Fixen as xestións e aceptaron a miña solicitude no de Barreras, en Vigo. Alí puiden ver todo o proceso de construción dun barco, desde o corte e modelado das enormes planchas de ferro, a ensamblaxe das distintas partes e os retoques finais. E quixo a sorte que estiveran a piques de botar un barco ao mar.

O botabaixo dun barco, en especial se é unha grande nave, é emocionante, unha mestura de admiración e sorpresa ver como aquel enorme obxecto se desliza suavemente pero con firmeza e corre a atoparse por primeira vez co mar, como entra en contacto con el e como se mantén aboindo orgulloso, equilibrado e inmenso. Non sei as sensacións que sentiron as persoas que o deseñaron e que o construíron, pero para min foi un momento e unha experiencia inesquecible, que non pode deixar pasar sen que quede recollido neste traballo.

A pouco que unha sexa curiosa, calquera proceso industrial nos pode levar a explorar, investigar e descubrir os segredos nos que, desde que se atopa a materia prima, ata que se converte en obxecto útil, participan moitas persoas que aplican todo o saber da súa experiencia e todas as novidades da tecnoloxía máis avanzada. Galiza é un bo exemplo disto. Conviven, desde as pequenas industrias familiares, case artesanais, e algunhas con procesos que veñen de séculos, ata as máis modernas en sectores tan punteiros como a electrónica, a automoción, a construción naval, o traballo dos metais ou da pedra, a confección, a conserva... e unha longa lista que sería moi complexa de enumerar.



Botabaixo dun barco en Barreras

## 97-A ENERXÍA DO VENTO



Aerogeneradores na Serra da Capelada



Embarcacións tradicionais a vela

O Vento, ese algo que non se ve nin se toca, foi unha das primeiras formas de enerxía empregadas polas persoas e tivo unha das primeiras aplicación nos barcos.

Recoller a forza do vento nas velas supuxo varios avances importantes: permitiu aumentar o tamaño dos barcos, viaxar con máis rapidez e durante máis tempo e crear e desenvolver a arte-ciencia da navegación.

O aproveitamento desta forma de enerxía na terra foi un pouco máis tardío e aplicouse, sobre todo, nos muíños. En Galiza, o enxeño desenvolvido para aproveitar esta forma de enerxía traducíuse na construción duns muíños, únicos de Europa de estrutura fixa con dobre xogo de pás, que aproveitan a forza dos ventos aínda que cheguen de direccións diferentes.

Hoxe en día, Galiza é unha potencia no aproveitamento do vento para a produción de enerxía eléctrica e moitos dos nosos montes, en especial os da costa e a Dorsal, vense coroados por ringleiras de aerogeneradores aos que o enxeño popular aplicou, segundo o lugar, nomes tan expresivos como tarabelas, virandeiras, remuíños, eólicos...



Muíños de Abalo. Catoira.

## 98-CRUCES DE PEDRA



Cruceiro da Trindade en Baiona



Cruceiro do Hío (Cangas)



Roxique (Sanxenxo)

Nos cruces dos camiños, nos adros das igrexas, nas entradas dos pazos, nos cumes dos montes, sobre os cantís da Costa da Morte. Cruces espidas, sinxelas, cruceiros con Cristos na Cruz e Virxes Nais, de estilo románico, gótico ou barroco, co encanto das mans dos artesáns populares ou co laborioso traballo de canteiros de renome.

Os cruceiros teñen en Galiza un significado especial. Consagran lugares, recordan acontecementos, moitas veces tráxicos, e son punto de encontro de actos cívicos e relixiosos. Engaiólanos polo seu sinxelo encanto ou polo artificio do traballo na pedra. Cóntannos historias de santos e recórdannos ritos, tradicións e lendas moi vixentes na cultura popular, como a de levar aos nenos para curarse de problemas da fala, enterrar aos mortos sen bautismo ou facer remedios para que os barcos tivesen boa pesca.



Cume de Coto Novelle (O Ribeiro)

## 99-OS FAROS



A Torre de Hércules, o faro máis antigo de Galiza que segue funcionando



Lanterna do faro de Bares. A máis ao norte da Península Ibérica



Faro de Punta Nariga, o de máis recente construción

A visita aos faros ten un atractivo especial. Polo lugar no que se atopan, desde onde se abranguen grandes paisaxes nas que sempre está en xogo o mar e o vento e a resistencia das rochas. Polos faros en sí, punto e final dunha realidade e unha esperanza para o retorno, e pola función que realizan. Serven de unión intanxible, pero sólida, fugaz, pero consistente, entre a terra firme e a inmensidade inestable do mar. Serven de guía nun territorio sen camiños, onde as pegadas se borran ao tempo que se marcan. Galiza, coa súa ampla e recortada costa, ten numerosos faros, todos coa mesma función, e todos diferentes, situados en contornas privilexiadas. Cada un co seu encanto e a súa propia historia. Algúns que traballan desde tempos dos romanos, e outros de moi recente construción.



Fisterra o máis emblemático dos faros por estar situado no Cabo do "fin do mundo"


## 100-FISTERRA

Foto para rematar o día, o traballo e o camiño. Remate do camiño cara ao occidente, fin de ruta de moitos peregrinos, e inicio do camiño da maxia, da ilusión e dos soños.

Esta imaxe, tal vez a máis pensada e programada con anticipación, reserva de aloxamento incluída, case se bota a perder porque a partir do mediodía unhas nubes comezaron a xurdir do mar, foron enchendo o ceo ata cubrilo de todo e trouxéronme o recordo dunha das visitas anteriores, hai moitos anos, na que viñemos acompañando a uns amigos de Toledo. Os nenos, pequenos daquela, recordaban bastantes anos máis tarde o son da "vaca", como é coñecida pupularmente a serea do faro.

A néboa era tan mesta que para ver o edificio había que achegarse ben! Pero ao final as máis de cincuenta persoas que nos atopábamos agardando o momento, puidemos contemplar a loita do sol coas nubes e gozar e recoller imaxes coma esta.

Fisterra ten un significado especial para moitas persoas, e parece ser que o tivo desde tempos remotos, pois innumerables documentos e relatos falan da busca do fin da terra e do lugar no que se rendía culto ao sol, localizado segundo moitos na Ara Solis, no monte Facho.



Solpor en Fisterra



